

Tarifas Portuarias

Extracto da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Modificada por:

- (0) Lei 8/2003, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.
- (1) Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.
- (2) Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- (3) Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.
- (4) Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.
- (5) Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.
- (6) Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.
- (7) Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.
- (8) Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.
- (9) Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

- (10) Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- (11) Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- (12) Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- (13) Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

O obxectivo desta lei é a adaptación da lexislación en materia de taxas e prezos da nosa Comunidade Autónoma á doutrina exposta polo Tribunal Constitucional na Sentencia 185/1995, do 14 de decembro, onde establece uns criterios de definición deses conceptos distintos dos que figuran na nosa lexislación vixente; a sentenza do alto tribunal que fixa eses criterios tiña como motivo un recurso de inconstitucionalidade dirixido contra a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos do Estado, e nesta, entre outros artigos, decláranse inconstitucionais os que definen aqueles ingresos. Obviamente, aínda que a lexislación vixente na nosa Comunidade, Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, non se ve directamente afectada pola sentenza citada, como os seus conceptos están inspirados nos da lexislación estatal, si que se fai conveniente realizar a debida adecuación.

A sentenza referida declaraba a inconstitucionalidade de determinados artigos desa lei no sentido de entender que certos ingresos, que ata daquela constituían prezos públicos e quedaban fóra da órbita do principio de reserva de lei, en tanto e en canto participan das notas características das prestacións patrimoniais públicas polo seu grao de continuidade ou necesidade para un adecuado desenvolvemento persoal ou social, necesitan norma con rango de lei para o seu establecemento.

O obxectivo antes manifestado podía conseguirse por dous procedementos posibles: modificando concretamente a lexislación vixente no que fose necesario ou promulgando unha nova lei que a derogase; optouse pola segunda alternativa por entender que é a mellor fórmula para preservar o principio de seguridade xurídica mediante unha maior claridade na normativa.

A lei que se derroga, no que se refire ás taxas, ten o carácter de lei de bases, que foi desenvolvida polo Decreto lexislativo 1/1992, do 11 de abril; o uso desa técnica lexislativa estaba xustificada polo estado naquel momento existente de confusión e proliferación de normas que facía difícil un coñecemento práctico e unitario de tódalas tarifas que correspondían ás taxas de toda a actividade da Administración autonómica. Non é a situación actual e polo tanto optouse por establecer esas tarifas nos correspondentes anexos do texto.

A estrutura desta lei consta de tres títulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria, catro derradeiras e cinco anexos.

O título I, Disposicións xerais, contén un conxunto de disposicións comúns a totalidade dos instrumentos financeiros e reguladores que se establecen na lei: taxas, prezos e mais exaccións e subvencións reguladoras.

O título II regula os instrumentos financeiros e dedícalles un capítulo a cada un deles: o primeiro ás taxas, o segundo ós prezos públicos e o terceiro ós prezos privados.

As tarifas ou as contías que deben satisfacerse por taxas veñen determinadas nos anexos correspondentes: no primeiro, os supostos da taxa por servizos administrativos; no segundo, os correspondentes á taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións administrativo-facultativas; no terceiro, os da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais; no cuarto, os da taxa sobre a venda de bens, e, por último, o quinto anexo contén a taxa pola utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O título III regula os instrumentos reguladores, as exaccións e as subvencións, xa creadas na Lei 13/1991, e mantén o réxime establecido por esta.

Título I **Disposicións xerais**

Artigo 1. Contido da lei

Esta lei regula os aspectos financeiros da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto a devandita actividade pretenda determinar ou influír no consumo ou consista na entrega de determinados bens ou na prestación de determinados servizos, en ámbolos casos individualizables. Para estes efectos, entenderase que o consumo dun ben ou servizo é individualizable cando exista unha demanda definida deste, tanto se esta é de carácter voluntario coma se ten a súa orixe nunha obriga legal.

Artigo 2. Tipo de instrumentos

Nesta lei desenvólvense dous tipos de instrumentos:

a) Os instrumentos financeiros, que son as contra prestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos. Son instrumentos de tipo financeiro os establecidos no título II desta lei.

b) Os instrumentos reguladores, que son os medios utilizables para alterar as contra prestacións esixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos ós que se refire o artigo seguinte. Son instrumentos reguladores os establecidos no título III desta lei.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Os instrumentos ós que se refire o artigo anterior poderán ser aplicados polos órganos da Administración xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, encadrables todos eles dentro da Administración pública da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Réxime orzamentario e aplicación obrigatoria

1. Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados nesta lei e percibidos polos suxeitos ós que se refire o artigo 3 estarán destinados a satisfacer o conxunto das súas obrigas respectivas, agás que excepcionalmente e por medio de lei se estableza a súa afectación para fins determinados.

2. O rendemento proveniente deles aplicarase integramente ó orzamento de ingresos que corresponda, e o seu ingreso deberase realizar nas caixas do tesouro da Facenda galega ou, a través das entidades financeiras colaboradoras, nas contas autorizadas pola consellería competente en materia de facenda.

3. Cando os suxeitos referidos no artigo 3 entreguen bens ou presten servizos para os que exista demanda, deberanse aplicar os instrumentos financeiros que sexan utilizables de acordo coas normas desta lei.

4. Para este fin, todo proxecto de creación dunha entidade ou incluso de oferta dun novo ben ou servizo, independentemente doutros requisitos, deberá ir acompañado dunha memoria económica elaborada pola consellería correspondente, na que, ademais de valorar a conveniencia do proxecto,

se propoñerán os instrumentos financeiros que, de ser o caso, sexan aplicables. Idéntico procedemento esixirase para os supostos de modificación das contías dos instrumentos ós que se refire esta lei. Sobre a devandita memoria emitirá informe a consellería competente en materia de facenda.

Artigo 5. Responsabilidades

1. As autoridades, os funcionarios públicos, os axentes ou asimilados que de forma voluntaria e culpable esixan indebidamente un instrumento financeiro dos establecidos nesta lei ou que o fagan en contía superior á establecida incorrerán en falta disciplinaria moi grave, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que puidesen derivar da súa actuación.

2. Cando adopten na mesma forma resolucións ou realicen actos que infrinxan esta lei e as demais normas que regulamentan esta materia, estarán obrigados ademais a indemnizaren a Facenda pública polos prexuízos causados.

Artigo 6. Normativa aplicable

1. Os instrumentos regulados nesta lei rexeranse polas normas contidas nela e polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento.

2. Serán aplicables o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e mais a Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como aquelas disposicións ditadas no seu desenvolvemento, en canto resulten aplicables, de acordo co réxime xurídico establecido nesta lei en concreto para cada instrumento⁽⁸⁾

3. Os instrumentos financeiros transferidos no marco da transferencia de competencias do Estado á Comunidade Autónoma ou das corporacións locais galegas á Comunidade Autónoma rexeranse polo disposto nas disposicións transitorias dos decretos de traspaso. No caso de silencio das normas de traspaso, serán aplicables as normas autonómicas en tódolos seus termos, a excepción do disposto no parágrafo seguinte, desde o momento no que teña efectividade o traspaso das competencias, dos servizos ou dos bens que dean lugar ó instrumento financeiro correspondente.

Nos supostos de prestacións de servizos, realizacións de actividades ou entrega de bens a consecuencia da transferencia de competencias do Estado ou das corporacións locais galegas á Comunidade Autónoma esixirase, de ser o caso, a contía establecida na correspondente normativa estatal ou local no momento da transferencia ata o momento no que esta sexa establecida polo correspondente acto normativo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6 bis. Potestade sancionadora

1. A potestade sancionadora en materia dos instrumentos regulados nesta lei exercerase conforme os principios reguladores en materia administrativa coas especialidades previstas na Lei xeral tributaria, e serán aplicables as disposicións xerais contidas nela.

2. A clasificación das infraccións e sancións en materia de taxas e exaccións reguladoras rexeranse polo establecido na Lei xeral tributaria e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

3. Constitúen infraccións en materia de prezos públicos as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grao de negligencia que se tipifican a seguir:

- a) Deixar de ingresar dentro do prazo establecido na normativa que sexa aplicable para cada prezo público a totalidade ou parte da débeda que deba resultar da correcta autoliquidación del, agás que concorresen as circunstancias establecidas no artigo 191 da Lei 58/2003, do 17

- de decembro, xeral tributaria. A infracción cualificarase consonte o disposto no devandito artigo.
- b) Incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar a adecuada liquidación daqueles prezos públicos que non sexan exixibles mediante autoliquidación, agás que concorresen as circunstancias establecidas no artigo 192 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A infracción cualificarase consonte o disposto no devandito artigo.
 - c) Obter indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada prezo público. A infracción cualificarase consonte o disposto no artigo 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
 - d) Solicitar indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada prezo público, mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos nas autoliquidacións, comunicacións de datos ou solicitudes, sen que se obtivesen as devolucións. A infracción cualificarase consonte o disposto no artigo 194.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
 - e) Solicitar indebidamente bonificacións, descontos, reducións, deducións ou calquera outro beneficio que supoña un menor importe por pagar do prezo público, mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos, sempre que como consecuencia da devandita conduta non proceda impoñer ao mesmo obrigado ao pagamento do prezo público sanción por algunha das infraccións tipificadas nas letras a) ou b) anteriores. A infracción cualificarase consonte o disposto no artigo 194.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.
 - f) Non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sempre que non se producise ou non se puidese producir prexuízo económico á Facenda pública galega. A infracción cualificarase consonte o disposto nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 198 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
 - g) Presentar de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos autoliquidacións ou declaracións sempre que non se producise ou non se puidese producir prexuízo económico á Facenda pública galega, ou contestacións a requirimentos individualizados de información. A infracción cualificarase consonte o disposto no artigo 199 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
 - h) A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración competente para a aplicación dos prezos públicos. Enténdese producida esta circunstancia cando o suxeito infractor, debidamente notificado para estes efectos, realizase actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Administración competente para a aplicación dos prezos públicos en relación co cumprimento das súas obrigas. Inclúense neste apartado, entre outras, as seguintes condutas: non atender algún requirimento debidamente notificado; a incomparecencia, agás causa xustificada, no lugar e tempo sinalado; non facilitar o exame de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, facturas, xustificantes, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e mais calquera outro dato con transcendencia para a aplicación do prezo público. A infracción cualificarase consonte o disposto no artigo 203 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. As infraccións establecidas no apartado anterior sancionaranse mediante a imposición das sancións establecidas en cada un dos artigos da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, aos que remite cada un dos subapartados para a cualificación de cada unha das infraccións, e seranlles aplicables os criterios de graduación e redución contidos na Lei xeral tributaria e segundo as regras establecidas nos devanditos artigos.

5. As infraccións que se cometesen no ámbito dos instrumentos financeiros regulados nesta lei que establecesen subvención reguladora e que tivesen como consecuencia a aplicación da subvención reguladora de forma indebida cualificaranse e sancionaranse consonte o réxime sancionador establecido para o instrumento financeiro do que se trate.

6. O procedemento para a imposición de sancións en materia dos instrumentos regulados nesta lei rexerase polo establecido na Lei xeral tributaria e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

7. O exercicio da potestade sancionadora regulada neste artigo correspóndelles aos órganos ou ás unidades administrativas competentes da Administración tributaria da consellaría competente en materia de facenda que se determine regulamentariamente xeral tributaria. ⁽⁸⁾

Título II Instrumentos financeiros

Capítulo I Taxas

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 7. Concepto

Son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito imponible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

Primeira.— Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:

— cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou

— cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

Segunda.— Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente.

Artigo 8. Normativa aplicable

1. As taxas da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polas normas desta lei, polas disposicións legais de cada taxa, de ser o caso, e mais polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento.

2. Serán aplicables o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e maila Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como aquelas disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

Artigo 9. Reserva de lei

1. O establecemento das taxas e a regulación dos seus elementos esenciais faranse mediante norma con rango de lei do Parlamento de Galicia.

2. Para os efectos previstos no apartado anterior son elementos esenciais das taxas: o feito imponible, o suxeito pasivo, a base imponible, a cota tributaria e o devengo.

3. Así mesmo, a lei regulará o establecemento, a supresión e a prórroga de exencións e bonificacións.

4. A aplicación dunha taxa establecida a supostos concretos de utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, venda de bens, realización de actividades ou prestación de servizos poderase facer na Lei de orzamentos de cada ano.

Así mesmo, na devandita lei, poderanse modificar e actualiza as cotas tributarias correspondentes ás taxas vixentes.

5. Non se poderán establecer taxas que non sexan consecuencia da utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou da subministración ou entrega, prestación ou realización dalgún ben, servizo ou actividade, respectivamente.

6. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, a cota tributaria poderá ser fixada regulamentariamente cando así estea previsto en norma de rango legal e sempre dentro dos límites dispostos por ela.

Artigo 10. Principio de capacidade económica

En canto as características do tributo o permitan, terase en conta, para a fixación da cota tributaria das taxas, a capacidade económica do suxeito pasivo, en especial cando se establezan consumos ou se impoñan actividades susceptibles de afectaren a tódolos cidadáns.

Artigo 11. Principio de equivalencia

1. O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción do ben, do servizo ou da actividade.

2. No caso da taxa pola utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia tomarase como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela.

Artigo 12. Supostos de non suxeición

Non se lles esixirán taxas ós suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei.

Artigo 13. Clases de taxas

1. Por esta lei establécense as taxas seguintes:

- a) A taxa por servizos administrativos.
- b) A taxa por servizos profesionais.
- c) A taxa por venda de bens.

d) A taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Cando as actuacións solicitadas ou que se realicen acerca dun mesmo suxeito pasivo comporten o devengo de diferentes taxas, deberanse aplicar tódalas taxas e modalidades que correspondan.

3. Así mesmo, a aplicación dunha taxa que lle autorice ou permita unha actividade ó suxeito pasivo esixirase sen prexuízo da do prezo público ou privado que, de acordo coas normas desta lei, puidese implicar o exercicio efectivo da actividade autorizada.

Artigo 14. Devengo

1. As taxas devengarase segundo a natureza do feito imponible:

a) Cando se conceda a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou cando se inicie a prestación do servizo, se realice a actividade ou se entregue o ben, sen prexuízo da posibilidade de esixir o seu depósito previo.

b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non será realizada ou tramitado sen que se efectúe o pagamento correspondente.

2. Cando as taxas se devenguen periodicamente, tras notificar a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderanse notificar colectivamente as sucesivas liquidacións mediante anuncios no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 15. Cota tributaria

1. A cota tributaria poderá:

- consistir nunha cantidade fixa sinalada para o efecto,
- determinarse por aplicación dun tipo de gravame sobre unha base imponible,
- establecerse por aplicación de ámbolos métodos conxuntamente.

2. As cotas tributarias das taxas establecidas por algún dos métodos contidos no apartado anterior terán en conta o custo medio real ou previsto para a entrega do ben, a prestación do servizo ou a realización da actividade da que se trate, ou, no seu defecto, o valor da prestación recibida, agás na taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, que se fixará tomando como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela. Noutro caso, deberase sinalar a correspondente subvención reguladora.

3. Para a determinación das cotas tributarias das taxas establecidas nas letras a), b) e c) do apartado 1 do artigo 13 tomaranse os custos directos e indirectos, incluso os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado, custos de investimento e, de ser o caso, os necesarios para garantir o mantemento, a expansión e o desenvolvemento razoable do ben, o servizo ou a actividade gravada pola taxa, máis unha normal rendibilidade dos recursos investidos.

4. Cando se estableza un novo suposto de aplicación dunha taxa no exercicio do establecido no artigo 9.4 desta lei ou se modifiquen as cotas tributarias vixentes, sempre que non se trate da actualización anual á que se refire o apartado 6 seguinte, deberase elaborar unha memoria económico-

financeira que conterà como mínimo información relativa ós custos directos e indirectos que contribúan á formación do custo total do servizo ou da actividade, consonte o disposto no punto anterior, así como unha previsión tocante ó custo unitario que lle corresponde a aquel e mais unha proposta da cota tributaria aplicable.

5. Cando a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia leven aparelado unha destrución ou deterioración del non previstas na memoria económico-financeira, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da cota tributaria correspondente, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación. De os danos resultaren irreparables, a indemnización consistirá nunha contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe da deterioración dos danados.

6. As cotas tributarias revisaranse como mínimo cada cinco anos, baseándose nos rexistros de gastos e ingresos e na correspondente memoria económico-financeira sobre o custo e a actividade realizada. Non obstante, estas cotas tributarias poderán ser obxecto de actualización anual na Lei de orzamentos en función das variacións do custo económico motivadas pola flutuación dos índices dos prezos ó consumo e dos incrementos das retribucións do persoal adscrito ós mencionados órganos, organismos autónomos ou entidades de dereito público.

Artigo 16. Pagamento

1. O pagamento das taxas poderase esixir ben en calquera momento entre a solicitude e o devengo ou ben no momento da solicitude cando esta coincida co devengo.

Tamén se poderá esixir a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial das taxas na forma que, por proposta da consellería competente en materia de facenda, se determine regulamentariamente.

2. Os suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei denegarán a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, a entrega do ben, a prestación do servizo ou a realización da actividade cando o suxeito pasivo incumpra o pagamento. Así mesmo devolverá as cantidades que percibise cando, por causas non imputables ó suxeito pasivo, non se levase a cabo o feito imponible.

3. O pagamento das taxas efectuarase mediante ingreso no tesouro da Facenda galega, de acordo coas modalidades regulamentariamente establecidas.

4. Poderase autorizar igualmente o pagamento das taxas mediante o emprego de efectos timbrados da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos que regulamentariamente se determinen.

5. O pagamento das taxas poderase adiar ou fraccionar na forma e nas condicións regulamentariamente determinadas. Nestes casos, as cotas adiadas devengarán o xuro de mora vixente e deberanse garantir mediante hipoteca, peñor, aval bancario ou outra garantía suficiente, agás que sexan inferiores á cifra que por orde fixe o conselleiro competente en materia de facenda.

6. A administración esixirá pola vía de constrinximento as débedas tributarias polas taxas devengadas e non satisfeitas nos prazos establecidos regulamentariamente, de acordo coa normativa que sexa aplicable.

Artigo 17. Xestión

1. Con carácter xeral, a xestión e a liquidación de cada taxa corresponderanlles aos suxeitos aos que se refire o artigo 3 desta lei que concedan a utilización privativa, a ocupación ou o provei-

tamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, subministren o ben, presen o servizo ou realicen a actividade gravados, mediante os procedementos de xestión.

Non obstante, cando a natureza da taxa, a súa especial incidencia ou as circunstancias da tarifa ou tarifas concretas así o aconsellen, a consellaría competente en materia de facenda mediante resolución, na que se determinará o seu grao e alcance, asumirá a xestión tributaria da tarifa ou tarifas que nela sinale. ⁽⁸⁾

2. A fiscalización, o control contable e as funcións de inspección financeira e tributaria, así como a potestade sancionadora en materia tributaria, correspóndenlle á consellaría competente en materia de facenda. As funcións relativas ós procedementos de recadación corresponderanlle á consellaría competente en materia de facenda e levarana os órganos de recadación que regulamentariamente e por proposta desta se determinen.

3. Regulamentariamente, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, determinaranse os supostos nos que de forma obrigatoria os suxeitos pasivos deberán practicar a operación de autoliquidación das taxas e o conseqüente ingreso no tesouro da Facenda galega.

4. Toda institución ou entidade pública que conceda a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, subministre bens, preste servizos ou realice actividades, polos que perciba taxas, virá obrigada a levar rexistros separados tanto dos gastos en que incorra na realización dos supostos anteriores coma dos ingresos obtidos polas taxas.

Artigo 18. Responsables

A normativa legal reguladora de cada taxa, de ser o caso, poderá sinalar a responsabilidade solidaria ou subsidiaria daquelas persoas físicas ou xurídicas que, distintas do suxeito pasivo, estean interesadas ou relacionadas cos supostos que dean lugar ó devengo da taxa.

Artigo 19. Reclamacións e recursos

1. Os actos de xestión das taxas da Comunidade Autónoma serán obxecto de recurso en reposición con carácter potestativo perante o órgano que ditou o acto.

2. Contra a resolución do recurso de reposición ou contra os actos de xestión, se non se interpuxo aquel, poderase presentar recurso perante a Xunta Superior de Facenda, da que as resolucións esgotan a vía económico-administrativa.

Artigo 20. Prescrición e réxime sancionador

Todo o relativo á prescrición e mais ás infraccións e sancións rexerese pola Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como por aquelas disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

Sección 2.^a

Taxa por servizos administrativos

Artigo 21. Feito imponible

1. Constitúe feito imponible da taxa por servizos administrativos a prestación, por parte dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei, de calquera servizo administrativo que se refira, afecte ou beneficie dun modo particular os suxeitos pasivos, en cada unha das modalidades seguintes:

a) Modalidade de autorizacións: pola concesión de autorizacións, permisos, licencias, guías, expedición de títulos, dilixenciamento de libros e, en xeral, documentos que faculden o suxeito pasivo para realizar unha actividade sometida legalmente á devandita condición previa.

b) Modalidade de rexistro: pola inscrición en rexistros, matrículas ou relacións mantidas pola administración en tanto que resulte obrigado para o desenvolvemento dunha actividade ou o exercicio dun dereito por parte do suxeito pasivo.

c) Modalidade de certificacións: pola verificación de documentos, expedición de certificacións, copia de arquivos e elaboración de documentos acreditativos de información que conste en arquivos ou rexistros públicos.

2. Non se esixirá a taxa por servizos administrativos cando se trate de compulsas ou cotexos de documentos que se deban achegar a solicitudes, escritos ou comunicacións presentados polo cidadán e realizados no ámbito de actuación dos rexistros consonte o disposto no artigo 38.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou provoquen as actuacións administrativas que constitúen o feito imponible.

2. Tamén terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades carentes de personalidade xurídica que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

Artigo 23. Exencións

Gozarán de exención desta taxa:

1.— A expedición de certificados de retribucións satisfeitas pola Xunta de Galicia co obxecto de xustificación en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.— A expedición de certificados e compulsas que o persoal da administración solicite respecto de necesidades propias do posto de traballo ou da relación de servizos.

3.— Os alumnos por calquera actuación en materia de ensinanzas non universitarias.

4.— As compulsas realizadas nas oficinas de emprego para os desempregados na tramitación de expedientes que sexan competencia das devanditas oficinas.

5.— A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, logo de xustificación documental, solicitada por:

- Persoas con minusvalía igual ou superior ó 33 %.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50% ⁽¹⁾
- Persoas que figuraren como demandantes de emprego desde, polo menos, o mes anterior á data de convocatoria de probas selectivas de persoal convocadas para a selección de persoal da comunidade autónoma nas que soliciten a súa participación. Serán requisitos para o gozo da exención que, no prazo do que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións

de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional. ⁽⁶⁾

6.— A expedición de certificados relativos á situación fiscal.

7.— O Estado e os demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre que os servizos ou as actividades dos que sexan beneficiarios se presten ou realicen no marco do principio de colaboración entre administracións.

8.— As vítimas de actos terroristas así como os seus cónxuxes e os seus fillos por calquera actuación en materia educativa realizada en centros oficiais de estudos en tódolos niveis de ensino.

9.— Os membros dos organismos consultivos da Administración pública galega respecto dos certificados emitidos polos devanditos organismos.

Artigo 24. Devengo

A taxa devengarase no momento no que se presente a solicitude para a prestación dos devanditos servizos administrativos.

Artigo 25. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas relacionadas no anexo 1 desta lei.

Sección 3.^a

Taxa por servizos profesionais

Artigo 26. Feito imponible

1. Constitúe feito imponible da taxa por servizos profesionais a prestación, por parte de profesionais facultativos ó servizo dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei, dos servizos que se refiran, afecten ou beneficien dun modo particular os suxeitos pasivos, logo de solicitude destes, en cada unha das seguintes modalidades:

a) Modalidade de actuacións administrativo-facultativas: servizos administrativos, análogos ós sometidos á taxa por servizos administrativos, cando a súa prestación require que se leve a cabo baixo a dirección dun profesional facultativo.

b) Modalidade de actuacións profesionais: servizos de asesoramento, consulta, dirección técnica de obras, emisión de informes, análises, ditames ou opinións profesionais e, en xeral, actividades que esixen a cualificación que ten o profesional que as presta.

2. No suposto das tarifas 08 e 36 da modalidade de actuacións administrativo-facultativas, relacionadas no anexo 2, constitúe o feito imponible a prestación das actividades realizadas polos suxeitos ós que fai referencia a alinea anterior para preservar a saúde pública e a sanidade animal, mediante a práctica de inspeccións e controis sanitarios de animais e as súas carnes frescas destinadas ó consumo, así como doutros produtos de orixe animal, efectuados polos facultativos dos servizos correspondentes, tanto nos locais ou establecementos de sacrificio e inspección sanitaria de matadoiros, salas de despezamento e instalacións de transformación da caza situados en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coma os demais controis e análises realizadas nos centros habilitados para o efecto ⁽⁴⁾.

Para os efectos da exacción do tributo, as actividades de inspección e control sanitario que se inclúen dentro do feito impositivo da tarifa 08 da modalidade de actuacións administrativo-facultativas catalóganse da seguinte forma:

- a) Inspeccións e controis sanitarios en matadoiros ⁽⁴⁾.
- b) Inspeccións e controis sanitarios nas salas de despezamento ⁽⁴⁾.
- c) Control das operacións levadas a cabo nas instalacións de transformación da caza⁽⁴⁾.

Para os efectos da exacción do tributo, as actividades de inspección e control sanitario que se inclúen dentro do feito impositivo da tarifa 36 da modalidade de actuacións administrativo-facultativas catalóganse da seguinte forma:

— Control de determinadas substancias e residuos en animais e os seus produtos, na forma prevista pola normativa vixente.

3. No suposto da tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais, relacionada no anexo 3, o feito impositivo estará constituído, segundo cada caso, polas seguintes operacións:

— Na tarifa X-1, a utilización das augas do porto, instalacións de sinais marítimos e balizamento, canles de acceso, esclusas (sen incluír o amarre, o remolque ou a sirgaxe nela) e pontes móbiles, obras de abrigo e zonas de ancoraxe, e seralles aplicable na contía e nas condicións que se indican no anexo 3 a tódolos barcos que entren nas augas do porto.

— Na tarifa X-2, o uso das obras de atracada e dos elementos fixos de amarre e defensa, e seralles aplicable na contía e nas condicións que se indican no anexo 3 a tódolos barcos que utilicen as obras e os elementos antes sinalados que fosen construídos total ou parcialmente pola Administración portuaria ou que sexan propiedade dela.

— Na tarifa X-3, a utilización polas mercadorías e polos pasaxeiros que embarquen, desembarquen, transborden ou efectúen tránsito marítimo ou terrestre das zonas de manobra, manipulación e tránsito, dos accesos e vías de circulación terrestres viarias e ferroviarias e doutras instalacións portuarias fixas. Así mesmo, inclúese no feito impositivo a súa utilización polas mercadorías ou polos pasaxeiros que accedan ou saian da zona de servizo do porto por vía terrestre sen utilizar en ningún momento a vía marítima, agás que teñan como orixe ou destino instalacións fabrís, de transformación, loxísticas ou de almacenaxe situadas na zona de servizo do porto.

— Na tarifa X-4, a utilización polos buques pesqueiros en actividade e os produtos da pesca marítima fresca das augas do porto, das instalacións de balizamento, dos peiraos, das bacías, das zonas de manipulación e mais dos servizos xerais ou de policía.

— Na tarifa X-5, a utilización polas embarcacións deportivas ou de lecer, e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións de balizamento, das axudas á navegación, das bacías, dos accesos terrestres e vias de circulación dos portos, dos servizos xerais de policía e, de ser o caso, das instalacións de ancoraxe e atracada en peiraos ou embarcadoiros, así como dos servizos específicos dispoñibles.

— Na tarifa E-1, a utilización dos guindastres convencionais ou non especializados.

— Na tarifa E-2, a utilización de explanadas, alpendres, pendellos, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesión.

— Na tarifa E-3, a subministración de produtos ou enerxía e a utilización das instalacións para a súa prestación.

— Na tarifa E-4, calquera outro servizo prestado por Portos de Galicia, non enumerado nas restantes tarifas e que se estableza especificamente en cada porto ou se preste logo de solicitude polos peticionarios.

— Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, a actividade que realice a Administración portuaria, dirixida á aplicación do réxime de autorizacións administrativas para o exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos na zona de ámbito portuario.

Artigo 27. Suxeito pasivo

1. É suxeito contribuínte da taxa por servizos profesionais a persoa natural ou xurídica que solicite ou á que se lle preste calquera dos servizos que figuran nos anexos 2 e 3.

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

3. Será suxeito pasivo substituto do contribuínte:

Un. Nas tarifas 25 e 26 da modalidade de actuacións profesionais, que se relaciona no anexo 3, a entidade encargada de realizar o control metrolóxico na fase de instrumentos en servizo que realizase os labores por calquera das figuras legalmente establecidas.⁽⁵⁾

Dous. Na tarifa 27 da modalidade de actuacións profesionais, que se relaciona no anexo 3, a empresa concesionaria do servizo de inspección técnica de vehículo.

4. Un.— Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento, segundo a tarifa de que se trate, as seguintes persoas ou entidades:

1.— Na tarifa 08 da modalidade administrativo-facultativa, relacionada no anexo 2:

a) No caso da tarifa relativa ás inspeccións e ós controis sanitarios oficiais ane mortem e post mortem dos animais sacrificados, selado de canais, vísceras e sobras destinadas ó consumo humano, os titulares da explotación dos establecementos onde se leve a cabo o sacrificio ou se practique a inspección⁽⁴⁾.

b) Na tarifa relativa ás inspeccións e aos controis sanitarios nas salas de despezamento⁽⁴⁾:

1) As mesmas persoas ou entidades determinadas na letra a) anterior, cando as operacións de despezamento se realicen no mesmo matadoiro.

2) Os titulares da explotación dos establecementos dedicados á operación de despezamento de forma independente, nos demais casos.

c) Na tarifa relativa aos controis nas instalacións de transformación de caza, os titulares da explotación dos citados establecementos⁽⁴⁾.

2.— Na tarifa 36 da modalidade administrativo-facultativa, relacionada no anexo 2:

— Na tarifa relativa ó control de substancias e residuos en animais e os seus produtos, os titulares da explotación dos establecementos onde se leven a cabo os citados controis e análises.

Dous.— Os suxeitos pasivos anteriores deberanlles trasladar, cargando o seu importe en factura, a taxa correspondente aos interesados que solicitasen a prestación do servizo ou para os que se realicen as operacións de sacrificio, despezamento, transformación da caza ou control de determinadas substancias e residuos animais e os seus produtos descritos no artigo 26.2, e procederán posteriormente ao seu ingreso a favor da Comunidade Autónoma, na forma que regulamentariamente se estableza⁽⁴⁾.

No caso de que o interesado, á súa vez, lle adquirise o gando en vivo a un terceiro, para sacrificio, poderá esixir deste o importe da taxa correspondente ó concepto da tarifa 36 da modalidade administrativo-facultativa.

Tres.— Entenderase que son interesados non só as persoas físicas ou xurídicas que soliciten os mencionados servizos, senón tamén as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, aínda que non teñan personalidade xurídica de seu, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado.

5. Na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais, relacionada no anexo 3, serán suxeitos pasivos as seguintes persoas ou entidades:

- Das tarifas X-1 e X-2, os armadores ou os seus representantes ou os consignatarios dos barcos que utilicen os servizos gravados, así como os depositarios ou os responsables designados, cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase a retención, conservación ou o depósito dun buque, da mercadoría ou dos medios de transporte ou carga na zona de servizo dun porto.

- Da tarifa X-3, os armadores ou os consignatarios dos barcos que utilicen o servizo e os propietarios do medio de transporte cando a mercadoría entre e saia do porto por medios exclusivamente terrestres, así como os depositarios ou os responsables designados, cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase a retención, conservación ou o depósito dun buque, da mercadoría ou dos medios de transporte ou carga na zona de servizo dun porto.

- Da tarifa X-4, o armador do buque ou quen na súa representación realice a primeira venda, así como os depositarios ou os responsables designados, cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase a retención, conservación ou o depósito dun buque, da mercadoría ou dos medios de transporte ou carga na zona de servizo dun porto.

O suxeito pasivo deberá facer repercutir o importe da tarifa X-4 sobre o primeiro comprador da pesca, de o haber, polo que este queda obrigado a soportar a devandita repercusión, que se fará constar de maneira expresa e separada na factura ou no documento equivalente. As controversias que se susciten entre o suxeito pasivo e o comprador repercutido serán da competencia da Xunta Superior de Facenda.

- Da tarifa X-5, con carácter solidario, o titular da embarcación ou o seu representante autorizado e, de ser o caso, o titular do dereito de uso preferente do amarre ou da ancoraxe, así como os depositarios ou os responsables designados, cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase a retención, conservación ou o depósito dun buque, da mercadoría ou dos medios de transporte ou carga na zona de servizo dun porto.

Nas zonas de concesión nas que o titular desta se subroga na obriga dos suxeitos pasivos, nos termos establecidos na regra décimo primeira, letra b), desta tarifa X-5, o concesionario será o substituto do contribuínte e terá que cumprir no lugar daquel as obrigas formais e materiais derivadas da obriga tributaria.

- Da tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o titular da actividade, calquera que sexa a natureza do seu título habilitante, así como os depositarios xudiciais ou o responsables designados xudicialmente.

Así mesmo, no caso de concesións ou autorizacións de ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario nas que se permita á persoa titular a cesión a terceiras persoas do uso de superficies ou instalacións incluídas na concesión ou autorización para o exercicio de actividades suxeitas a esta taxa, as devanditas terceiras persoas estarán obrigadas ao aboamento a Portos de Galicia da taxa correspondente á actividade de que se trate. ⁽⁸⁾

Artigo 28. Bonificacións

1. Establécese unha bonificación dun 25 % do importe das tarifas da taxa pola autorización autonómica previa á licenza municipal en solo rústico e pola autorización en materia de costas cando sexan exixibles as dúas tarifas por unha mesma actuación que requira a dobre autorización.

2. - Establécese unha bonificación dun 30 % nas tarifas da taxa por certificación da etiqueta ecolóxica, para solicitantes inscritos no sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental EMAS ou dun 15% nos certificados consonte a norma ISO 14001, de conformidade co disposto no anexo III do Regulamento 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da UE, segundo a modificación realizada polo Regulamento 782/2013 da Comisión, do 14 de agosto, polo que se modifica o Regulamento 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á etiqueta ecolóxica. ⁽¹⁰⁾

Artigo 29. Responsables

1. Serán responsables subsidiarios, nos supostos e co alcance previsto no artigo 40 da Lei xeral tributaria, os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral que se dediquen ás actividades para as que a súa inspección e control xera o devengo das tarifas 08 e 36 da modalidade administrativo-facultativa.

2. Na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais, serán responsables subsidiarios:

— Do pagamento da tarifa X-3, os propietarios da mercadoría e, no seu defecto, os seus representantes autorizados, agás que proben que lles fixeron provisión de fondos ós responsables principais.

— Do pagamento da tarifa X-4, o primeiro comprador da pesca, agás que demostre que soportou efectivamente a repercusión, e o representante do armador, de ser o caso.

— Do pagamento da tarifa X-5, o capitán da embarcación e/ou seu patrón habitual.

— Do pagamento da tarifa E-1, os propietarios das mercadorías e, no seu defecto, os seus representantes autorizados, agás que proben que lles fixeron a estes provisión de fondos.

— Do pagamento da tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o titular da concesión ou autorización de ocupación do dominio público cando este non sexa o suxeito pasivo da taxa ⁽³⁾

Artigo 30. Exencións

Quedarán exentos desta taxa os supostos seguintes:

1.— Polos servizos xerais establecidos na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais:

a) Os barcos de guerra e as aeronaves militares nacionais. Igualmente os estranxeiros que, en réxime de reciprocidade, non realicen operacións comerciais e sempre que a súa visita teña carácter oficial ou de arribada forzosa.

b) As embarcacións dedicadas polas administracións públicas a labores de vixilancia, investigación, protección e rexeneración costeira, represión do contrabando, salvamento, loita contra a contaminación marítima, ensinanzas marítimas e, en xeral, a misións oficiais da súa competencia.

c) O material e as embarcacións da Cruz Vermella Española dedicadas ós labores propios que ten encomendados esta institución.

2.— O Estado e os demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre que os servizos ou as actividades dos que sexan beneficiarios se presten ou realicen no marco do principio de colaboración entre administracións.

3.— Quedarán exentas da tarifa 22, “Actuacións en materia de vivenda”, a promoción, cesión e rehabilitación polo Estado de vivendas de protección oficial de interese xeral, así como as actuacións da Comunidade Autónoma e das corporacións locais en materia de promoción ou rehabilitación.

4.- Os informes de avaliación dos ensaios clínicos ou estudos postautorización con medicamentos de uso humano ou produtos sanitarios cando se solicite a exención da tarifa 59 da modalidade de actuacións profesionais, sempre que cumpran os seguintes criterios, que deberán ser debidamente acreditados:

- a) O promotor do estudo deberá ser un centro do sistema sanitario público, universidade pública, organización científica ou institución sen ánimo de lucro, ou un/unha investigador/a con vinculación laboral a algunha destas institucións.
- b) O promotor do estudo será responsable do inicio, xestión e orzamento dun ensaio clínico ou estudo postautorización. A propiedade dos datos derivados do estudo pertencerá ao promotor.
- c) O estudo non formará parte dun programa de desenvolvemento clínico que teña por finalidade a comercialización do medicamento ou produto sanitario obxecto da investigación.
- d) O promotor deberá garantir mediante declaración escrita ao Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia que se cumpren os criterios para ser considerado un estudo de investigación clínica non comercial.

Artigo 31. Devengo

1. A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo.

2. A taxa que corresponde satisfacer polas tarifas 08 e 36 da modalidade administrativo-facultativa devengarase no momento no que se leven a cabo as actividades de inspección e control sanitario de animais e os seus produtos, nos establecementos ou nas instalacións nos que se desenvolven estas, sen prexuízo de que se esixa o seu previo pagamento cando a realización do control sanitario se inicie por solicitude do suxeito pasivo ou do interesado.

Na tarifa 08 da modalidade administrativo-facultativa, no caso de que nun mesmo establecemento e por solicitude do interesado se realicen en forma sucesiva as tres operacións de sacrificio e despezamento, o total da contía da taxa determinarase de forma acumulada ao inicio do proceso, con independencia do momento do devengo das cotas correspondentes, sen prexuízo do previsto nas regras de acumulación⁽⁴⁾.

3. Na tarifa 99 da modalidade por actuacións profesionais, a taxa devengarase, en cada caso:

— Na tarifa X-1, cando o barco entrase nas augas de calquera das zonas do porto.

— Na tarifa X-2, cando o barco atracase ó peirao. A atracada contarase desde a hora para a que se autorizase ata o momento de largar a última amarra do peirao.

— Na tarifa X-3, cando se inicien as operacións de paso das mercadorías ou dos pasaxeiros polo porto.

— Na tarifa X-4, cando se inicien as operacións de embarque, desembarque ou transbordo dos produtos da pesca en calquera punto das augas ou da zona terrestre baixo a xurisdición do organismo portuario.

— Na tarifa X-5, cando a embarcación entre nas augas do porto ou no recinto portuario.

— Na tarifa E-1, desde o momento de posta á disposición do correspondente guindastre.

— Na tarifa E-2, entenderase que o inicio da prestación do servizo se produce na data de reserva do espazos solicitado.

— Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, producirase no momento da notificación do outorgamento da autorización de actividade ou da concesión ou autorización de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso. Nembargantes, no suposto de que por execución de obras e outras causas xustificadas se producise unha demora no inicio da actividade, o devengo da taxa non se producirá ata o momento no que esta se inicie. Nos anos sucesivos o devengo producirase o 1 de xaneiro.

Artigo 32. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas contidas nos anexos 2 e 3 desta lei, para as modalidades de actuacións administrativo-facultativas e actuacións profesionais, respectivamente, e entenderanse co imposto sobre o valor engadido, de ser o caso, a excepción da tarifa 99 prevista no anexo 3.

Sección 4.^a Taxa sobre a venda de bens

Artigo 33. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa sobre a venda de bens a entrega por parte dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei dos bens solicitados.

2. No caso de que a subministración do ben consista en entregas parciais, o feito imponible entenderase realizado en cada unha delas.

Artigo 34. Suxeito pasivo

1. É suxeito pasivo da taxa sobre a venda de bens a persoa física ou xurídica solicitante do ben en cuestión.

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos desta taxa as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.

Artigo 35. Exencións

Quedarán exentos desta taxa os organismos, as entidades e as autoridades que conforman a distribución institucional na venda das publicacións do Instituto Galego de Estatística.

Artigo 36. Devengo

1. A taxa devengarase no momento da entrega do ben.

2. No caso de que a entrega do ben se realice de xeito periódico como consecuencia da realización dunha subscrición polo suxeito pasivo, a taxa devengarase no momento no que se realice a devandita subscrición.

Artigo 37. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas contidas no anexo 4 desta lei, e entenderase co imposto sobre o valor engadido, de ser o caso.

Sección 5.^a

Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 38. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 39. Suxeito pasivo

1. É suxeito pasivo a persoa física ou xurídica que realice o feito imponible desta taxa.⁽⁷⁾

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.⁽⁷⁾

3. Presumirase, agás proba en contrario, que o feito imponible é realizado pola persoa ou entidade que figure como titular do correspondente título habilitante da utilización privativa, da ocupación ou do aproveitamento especial do dominio público.⁽⁷⁾

4. Se o suxeito pasivo non coincide co titular do título habilitante, este terá carácter de responsable solidario.⁽⁷⁾

Artigo 40. Bonificacións e exencións

1. Estarán exentos das tarifas 01, 03 e 05, contidas no anexo 5, os suxeitos pasivos que teñan a condición de institucións e corporacións públicas ou sen ánimo de lucro cando a actividade que desempeñen sobre o dominio público non leve consigo unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou o aproveitamento entrañe as condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Para o recoñecemento desta exención bastará con que se faga unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos sinalados no parágrafo anterior e se achegue a xustificación adecuada xunto coa solicitude da autorización, da concesión administrativa, do permiso de ocupación temporal

ou de calquera outra autorización ou título habilitante previsto na normativa de patrimonio. A exención entenderase concedida con carácter provisional e condicionada ao cumprimento, durante todo o tempo que dure a utilización privativa, o aproveitamento especial ou a ocupación do dominio público, dos requisitos exixibles. ⁽⁸⁾

Á tarifa 02 contida no anexo 5 seranlle aplicables as bonificacións e exencións que se relacionan a seguir:

- a) Cando os suxeitos pasivos realicen investimentos en obras de abrigo, recheo, consolidación ou mellora de terreos, a contía da bonificación determinarase en función do investimento realizado, atendendo ao tipo de obra e ao seu custo, e non poderá exceder do 50 % da contía correspondente á ocupación dos terreos de similar utilidade que se atopen mais próximos no porto.

A bonificación a aplicar será a que lle corresponda segundo o seguinte cadro:

(Coeficiente A/coeficiente B)X100	BONIFICACIÓN (%)
Superior a 100	50%
Entre 100-75	40%
Entre 74-50	30%
Entre 49-25	20%
Inferior a 25	10%

Sendo:

Coeficiente A: O custo das obras de formación de abrigo, recheo, consolidación ou mellora de terreos expresado en euros/m². Neste valor por metro cadrado das obras teranse en conta cando corresponda as infraestruturas e elementos de contención, os materiais de recheo e explanación, conducións para servizos e pavimentos. O custo será calculado por Portos de Galicia con base nos prezos de proxecto no momento de outorgamento da concesión.

Coeficiente B: A taxa por utilización privativa ocupación ou aproveitamento especial en €/m², no momento de outorgamento da concesión ou da autorización das obras, aplicable á superficie a encher, consolidar ou mellorar polo período concesional que falta por gozar da concesión no momento de autorización das obras en anos enteiros.

A bonificación aplicarase unicamente durante o prazo inicial da concesión e desde a finalización das obras. Nas posibles prorrogas que se outorguen aplicarase unha bonificación do 10% .

No suposto de concesións xa outorgadas será de aplicación o disposto anteriormente, pero o custo das obras calcularase por Portos de Galicia con base nos prezos de proxecto actualizados co IPC nacional no momento da inclusión da bonificación no título concesional. A taxa será a que corresponda, en aplicación da presente lei, no momento da inclusión da bonificación no título concesional e o prazo será o restante entre a data de autorización da obras e a data de vixencia da concesión en anos enteiros. Aplicarase a bonificación desde a súa inclusión no título concesional. ⁽¹⁰⁾

- a) Cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas, a contía de bonificación determinarase en función do investimento privado realizado, atendendo ao tipo de obra e ao seu custo, e non poderá ex-

ceder do 40 % da contía correspondente á ocupación de terreos onde se localiza a actuación. Esta bonificación non se poderá aplicar durante un período superior ao establecido para a finalización de cada fase de urbanización no título concesional.

A bonificación en cada fase establecerase en función da relación entre o investimento privado e o valor do terreo correspondente á fase en cuestión, para efectos do cálculo da taxa de ocupación de terreos, segundo a seguinte escala:

(Coeficiente A/coeficiente B)X100	BONIFICACIÓN (%)
Superior a 50	40%
Entre 50-40	30%
Entre 39-20	20%
Menor de 20	10%

Sendo:

Coeficiente A: o investimento unitario en obras de urbanización establecido por Portos de Galicia con base nos prezos de proxecto, no momento de outorgamento da concesión, expresado en €/m².

Coeficiente B: o valor unitario da superficie de terreo que vaia ser obxecto da urbanización e comercialización correspondente á fase en cuestión, para efectos da aplicación da taxa pola ocupación de terreos de dominio público portuario no momento de outorgamento da concesión, expresada en €/m².

A bonificación será establecida por Portos de Galicia no título de outorgamento da concesión, no que se fará constar o valor da bonificación correspondente a cada fase en que sexa de aplicación.

Esta bonificación será compatible coa descrita no punto a), pero neste caso a suma de ambas as dúas non poderá ser superior ao 50% da contía da taxa correspondente aos terreos obxecto das dúas bonificacións, e os investimentos tomados para o cálculo non poderán conter unidades de obra coincidentes. ⁽¹⁰⁾

c) Cando na instalación e na actividade obxecto de concesión ou autorización se implante un sistema de xestión medioambiental ou de xestión da calidade na prestación dos servizos, e se acredite estar en posesión dunha certificación medioambiental ou de calidade, específica da concesión ou autorización, serán aplicables as seguintes bonificacións sobre o valor resultante da taxa de ocupación de terreos e augas do porto:

- A) EMAS, a bonificación será do 1,5%
- B) ISO 14001: a bonificación será do 1%⁽¹²⁾
- C) Bandeira Azul a bonificación será do 1%,
- D) Q de calidade: a bonificación será do 1,5%

A bonificación aplicarase anualmente logo da presentación da citada certificación. ⁽⁸⁾

A porcentaxe máxima de bonificación acumulada que se pode aplicar por estes apartados é dun 3,5%.⁽¹²⁾

d) Cando o titular da concesión ou autorización sexa algún órgano das administracións públicas e o obxecto daquelas sexan actividades de interese social e cultural. O importe desta bonificación será do 50 % da contía correspondente. ⁽¹⁰⁾

Esta bonificación non é acumulable á descrita na letra g) ⁽¹²⁾

e) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de fábricas de xeo ou lonxas coas súas correspondentes cámaras de frío, así como a explotación de naves de titularidade da administración destinadas total ou parcialmente a almacenaxe de caixas, vestiarios ou cámaras de frío, para o sector pesqueiro ou marisqueiro, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 90%.

f) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de naves de redes, sempre e cando estas naves presten un servizo xeral aos usuarios do porto, ⁽¹²⁾ a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 95%.⁽⁷⁾

g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións⁽¹²⁾ ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha bonificación do 90 % no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.

h) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción o explotación de naves destinadas a aloxar medios mecánicos, vehículos non particulares asignados a confrarías e/ou asociacións do sector pesqueiro e marisqueiro, así como as instalacións dedicadas a aulas de formación náutico-pesqueira e aos seus fins sociais. O importe da bonificación será do 90%.⁽⁶⁾

i) Cando a ocupación do dominio público portuario teña por destino a explotación de superficies destinadas a varadoiro para embarcacións profesionais do sector pesqueiro e/ou marisqueiro. O importe da bonificación será do 50%.⁽⁶⁾ sobre a taxa de ocupación de terreos resultante, sempre que a instalación se destine en exclusiva ao servizo da frota profesional pesqueira e marisqueira. Cando na instalación, de xeito complementario, se autorice prestar servizo a outro tipo de embarcacións non vinculadas ao sector pesqueiro ou marisqueiro a bonificación que se aplicará sobre a taxa de ocupación de terreos resultante será do 35%.⁽¹³⁾

j) Estarán exentos do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio portuario:

1º.- Os órganos e as entidades das administracións públicas cando estean directamente relacionados con actividades de vixilancia, de represión do contrabando, de protección civil de salvamento e de loita contra a contaminación mariña ou coa defensa nacional.

2º.- As corporacións locais cando se trate de actividades encadradas entre as súas finalidades públicas e estas non sexan obxecto de explotación económica.

3º.- O Estado e os demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre que os servizos ou as actividades que se vaian a desenvolver no espazo portuario se presten ou realicen no marco do principio de colaboración entre administracións e non sexan obxecto de explotación económica.⁽¹³⁾

4º.- Os particulares ou as empresas concesionarias cando a ocupación do dominio público, ou o aproveitamento de obras e instalacións, se corresponda con terreos ou bens incorporados á zona de servizo do porto a través dunha expropiación, ou cesión, aboada ou aportada íntegramente polo dito concesionario. ⁽⁸⁾

k) A Cruz Vermella Española está exenta do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario respecto das actividades marítimas propias que esta institución ten encomendadas.

l) Cando tras un procedemento aberto para a selección de interesados na explotación de edificacións propiedade de Portos de Galicia se declarase deserto o devandito procedemento, exclusivamente pola falta de concorrencia, poderase establecer unha bonificación sobre o valor resultante da taxa de ocupación de terreos, obras e instalacións dun 20 %⁽⁹⁾

Por orde da consellería competente en materia de portos e por proposta do ente público Portos de Galicia, concretaranse as condicións, as escalas e os criterios necesarios para a aplicación das bonificacións previstas nos anteriores supostos, partindo dos elementos esenciais contidos nestes.

Artigo 41. Devengo

1. A taxa devéngase no momento da notificación do outorgamento do permiso de ocupación temporal, da concesión administrativa ou de calquera outra autorización, respecto do ano en curso e o 1 de xaneiro nos sucesivos anos.

2. Na tarifa 02 contida no anexo 5, nos supostos de concesións nos que o termo inicial se vincule á data de extinción doutra concesión ou á data de remate de obras que executa a autoridade portuaria, o devengo producirase nesas datas o primeiro ano e o 1 de xaneiro nos sucesivos anos.

Artigo 42. Tarifas

1. A taxa esixirase de acordo coas tarifas relacionadas no anexo 5 desta lei.

2. As tarifas prorrátanse en función do tempo de gozo da concesión ou autorización durante o primeiro ano e o último de duración daquelas, computándose o tempo en meses enteiros e arredondándose para estes efectos o número de meses ó enteiro inmediatamente superior.

3. No caso da tarifa 02 contida no anexo 5 será aplicable o seguinte:

a) A base sobre a que se aplica o tipo de gravame establecido actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.

b) A tarifa 02 contida no referido anexo non abrangue o imposto sobre o valor engadido correspondente.

c) A tarifa será esixible por adiantado coas actualizacións e, de ser o caso, revisións que se efectúen, e nos prazos que figuren nas cláusulas da concesión ou autorización, que non poderán ser superiores a un ano. Nembargantes, Portos de Galicia poderá autorizar pagamentos a conta da taxa por prazos superiores para financiar a execución de obras a cargo desta.

d) No suposto de que Portos de Galicia convoque concursos para o outorgamento das concesións ou autorizacións, os pregos de bases poderán conter, entre os criterios para a súa resolución, o que os licitadores oferten importes adicionais ós establecidos para esta taxa. Neste caso, o tipo da taxa virá determinado pola suma de dous compoñentes:

a) A porcentaxe vixente no momento do devengo.

b) A mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a que se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

Capítulo II Prezos públicos

Artigo 43. Concepto

Son prezos públicos as contraprestacións pecuniarias percibidas polos suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados; para estes efectos enténdese que os servizos sociais, sanitarios e educativos se prestan en réxime de dereito público.

Artigo 44. Normativa aplicable

1. En todo o non previsto nesta lei os prezos públicos obxecto dela regularanse polo disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Aplicaranse de forma supletoria a Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 45. Obrigados ó pagamento

Estarán obrigados ó pagamento dos prezos públicos os que, en cada caso, determine a norma que os estableza.

Artigo 46. Contía dos prezos públicos

1. Os prezos públicos fixaranse na contía que cubra como mínimo os custos económicos derivados do servizo ou das actividades prestadas.

2. Cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, poderanse sinalar prezos públicos en contía inferior á indicada no apartado anterior, logo de adopción das previsións orzamentarias precisas para a cobertura da parte de custo subvencionada.

Artigo 47. Fixación de prezos públicos

1. Os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería da que dependa o órgano ou a entidade oferente. A devandita proposta incluírá necesariamente unha memoria económica que deberá conter como mínimo o seguinte:

a) Información suficiente respecto do custo de prestación dos bens ou servizos de que se trate.

b) Xustificación da política de prezos proposta, a cal deberá en todo caso resultar suficiente para cubrir os custos totais, sen prexuízo da posible subvención reguladora correspondente.

2. Sobre a proposta á que se refire o apartado anterior deberá emitir informe favorable a consellería competente en materia de facenda.

Artigo 48. Aplicación de prezos públicos

1. Con carácter xeral, a xestión e a liquidación de cada prezo público correspóndelles aos suxeitos relacionados no artigo 3 que entreguen os bens, presten os servizos ou realicen as actividades que dean lugar á obriga de pagamento do prezo público.

Non obstante, cando a natureza do prezo, a súa especial incidencia ou as circunstancias do caso concreto así o aconsellen, a consellaría competente en materia de facenda mediante resolución, na que se determinará o seu grao e alcance, asumirá a xestión do prezo ou dos prezos públicos que nela sinale.

2. A fiscalización, o control contable e as funcións de inspección, así como a potestade sancionadora en materia de prezos públicos, correspóndenlle á consellaría competente en materia de facenda. As funcións relativas aos procedementos de recadación corresponderanlle á consellaría competente en materia de facenda e levarana os órganos de recadación que regulamentariamente e por proposta desta se determinen.

3. En todo caso, os suxeitos relacionados no artigo 3 que entreguen os bens, presten os servizos ou realicen as actividades que dean lugar á obriga de pagamento do prezo público deberán:

- a) Levar rexistros separados de ingresos e gastos, de xeito que resulte posible a súa determinación tanto conxuntamente coma polo tipo de ben ou servizo producido.
- b) Poñer en coñecemento do órgano da Administración da Comunidade do que dependan calquera situación económica adversa que provoque un desequilibrio orzamentario da súa xestión.
- c) Someterse regularmente aos controis e ás inspeccións que correspondan pola consellaría competente en materia de facenda.

4. Os ingresos derivados de prezos públicos estarán sometidos ao réxime orzamentario da entidade perceptora.

5. Os prezos públicos poderanse esixir desde que se efectúe a entrega dos bens ou se inicie a prestación dos servizos que xustifican a súa existencia.

Tamén poderá esixirse a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos na forma que, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, se determine regulamentariamente.

6. O pagamento dos prezos públicos realizarase en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados ou doutros instrumentos de pagamento que autorice a consellaría competente en materia de facenda.

7. As débedas por prezos públicos esixíranse mediante o procedemento administrativo de constrinximento cando non fosen satisfeitas nos prazos establecidos na normativa aplicable.

8. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo non se realice a actividade ou non se preste o servizo, procederá a devolución do importe que corresponda. ⁽⁸⁾

Artigo 49. Reclamacións e recursos

Contra os actos de xestión poderase presentar recurso na vía económico-administrativa perante a Xunta Superior de Facenda, sen prexuízo do dereito a interpoñer previamente, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que ditou o acto. A resolución das reclamacións económico-administrativas esgotará a vía administrativa.

Capítulo III Prezos privados

Artigo 50. Concepto

Son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados.

Artigo 51. Fixación

Os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da de Economía e Facenda, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado no que operen, sen prexuízo de que excepcionalmente se poidan aplicar subvencións reguladoras. Para estes efectos, a consellería correspondente remitiralle á de Economía e Facenda o proxecto normativo xunto coa memoria económica na que se xustifiquen os aspectos anteriores. A norma que fixe estes prezos deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 52. Aplicación de prezos privados

1. Con carácter xeral, a xestión e a liquidación de cada prezo privado correspóndelles aos suxeitos relacionados no artigo 3 que entreguen os bens, presten os servizos ou realicen as actividades que dean lugar á obriga de pagamento do prezo privado.

Non obstante, cando a natureza do prezo, a súa especial incidencia ou as circunstancias do caso concreto así o aconsellen, a consellaría competente en materia de facenda mediante resolución, na que se determinará o seu grao e alcance, asumirá a xestión do prezo ou dos prezos privados que nela sinale.

2. A fiscalización, o control contable e as funcións de inspección correspóndenlle á consellaría competente en materia de facenda. As funcións relativas aos procedementos de recadación corresponderanlle á consellaría competente en materia de facenda e levarana os órganos de recadación que regulamentariamente e por proposta desta se determinen.

3. En todo caso, os suxeitos relacionados no artigo 3 que entreguen os bens, presten os servizos ou realicen as actividades que dean lugar á obriga de pagamento do prezo privado quedarán sometidos ás obrigas enumeradas no artigo 48.3. ⁽⁸⁾

Artigo 53. Réxime xurídico

Os actos, os negocios e, en xeral, as relacións xurídicas que deriven das actuacións económicas das entidades oferentes que teñan unha contraprestación que deba cualificarse como prezo privado de acordo co artigo 49 rexeranse polas normas de ordenación xurídica privada que resulten aplicables.

Título III Instrumentos reguladores

Artigo 54. Concepto

1. Son instrumentos reguladores as exaccións ou, de ser o caso, as subvencións utilizadas co obxecto de influír sobre o consumo de determinados bens ou servizos.

2. A aplicación dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ó importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo do que se trate. Pola contra, a utilización dunha subvención reguladora permitirá aplicarlles ós consumidores prezos ou tarifas inferiores ó custo de produción dos bens ou servizos.

Artigo 55. Establecemento de instrumentos reguladores

1. O establecemento de calquera exacción ou subvención reguladoras deberase facer mediante norma con rango de lei. Na lei de creación das exaccións reguladoras recolleranse os seus elementos esenciais así como a finalidade da intervención que se pretende.

2. Na Lei de orzamentos de cada ano poderanse modificar os elementos determinantes da contía das exaccións reguladoras sempre que non se altere o seu propósito ou natureza. Nesta mesma lei ofrecerase información global respecto das compensacións ou subvencións que puidesen comportar a venda de bens e a prestación de servizos cando o oferente sexa un dos suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei.

Artigo 56. Reclamacións e recursos

As exaccións reguladoras teñen natureza tributaria e, en consecuencia, os actos administrativos derivados da súa aplicación serán obxecto de recurso na vía económico-administrativa como previa á interposición, de ser o caso, dos recursos contencioso-administrativos.

Disposición adicional primeira.— Xunta Superior de Facenda

O Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma creado na disposición adicional primeira da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, pasará a denominarse Xunta Superior de Facenda.

Disposición adicional segunda.— Revisión e redución das tarifas das taxas

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 15.6 desta lei e agás que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dispoña outra cousa, no período quinquenal 2004-2008, as taxas de contía fixa elevaranse ata a cantidade resultante da aplicación dos coeficientes que se relacionan a seguir para cada ano ás contías esixibles o 31 de decembro do ano inmediatamente anterior:

2004	1,02
2005	1,02
2006	1,01
2007	1,01
2008	1,01

Estes coeficientes seranlles aplicables ás contías que, con carácter mínimo ou máximo, se establecen en todo tipo de tarifas calquera que sexa a forma de establecemento da súa cota tributaria.

Considéranse taxas de contía fixa aquelas que non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou cando esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse deste incremento as tarifas das taxas que se recadan mediante efectos timbrados.

2. A tarifa portuaria X-5 contida no apartado 99 do anexo 3 e aplicable ás embarcacións deportivas e de lecer terá unha redución do 30 % nos portos situados na comarca da Costa da Morte. ⁽⁶⁾

Esta redución aplicarase de oficio e será acumulable ás demais reducións e bonificacións xerais establecidas nas regras xerais de aplicación desta taxa.

Disposición transitoria primeira— Títulos vixentes á entrada en vigor desta lei

As autorizacións e concesións por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia ou para o exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, vixentes á entrada en vigor desta lei, deberanse adaptar ó disposto nesta lei co respecto ás correspondentes taxas.

Portos de Galicia, considerando o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da concesión, a amortización das obras efectuadas e mailos resultados económicos da explotación, poderá efectuar unha aplicación lineal do incremento durante un prazo de tres anos.

Disposición derogatoria única.— Derrogación de determinadas normas legais

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ó establecido por esta lei, e, en particular, a Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, agás as súas disposicións adicionais primeira e segunda, así como o Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo 3.º do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira.— Modificación da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o apartado 2 do artigo 54 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. As concesións outorgaranse para unha finalidade concreta, con determinación do seu obxecto e límites, sendo esixible como contraprestación a contía da taxa que resulte vixente no momento do seu devengo.»

Disposición derradeira segunda.— Modificación da Lei 6/2002, do 27 de decembro

Engádeselle unha nova letra d) ó artigo 28.Dous da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, coa seguinte redacción:

«d) Para financiar as variacións de activos financeiros que sexan considerados como tales desde o punto de vista do SEC 95.»

Disposición derradeira terceira.— Desenvolvemento regulamentario

A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente as normas desta lei dentro dos seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira cuarta.— Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación.

Anexo 3
Taxa por servizos profesionais
Modalidade de actuacións profesionais

Apartado 99.- Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Regras xerais de aplicación e definicións

I.- Porto e zona de servizos portuarios

1. Enténdese por porto o conxunto de augas abrigadas natural ou artificialmente, os espazos terrestres contiguos ás mesmas e as obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenrolar operacións propias das actividades as que se destinarán.
2. A instalación portuaria é o conxunto de obras e infraestruturas que, sen chegar a dispoñer dos requisitos e consideración de porto, se sitúan no litoral, e cuxa construción non esixe obras de abrigo ou de atracada de carácter fixo e non supón alteración substancial do medio físico onde se localiza, tales como embarcadoiros, varadoiros, ancoradoiros e outras similares.
3. Nos portos e instalacións portuarias de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia delimitárase unha zona de servizo, na que se incluírán os espazos, superficies e lámina de auga necesarios para a execución das actividades portuarias, así como os terreos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento ou de ampliación da actividade portuaria.
4. Augas do porto é a área marítima ou fluvial na que se poden levar a cabo operacións de ancoraxe, varada ou outras comerciais ou portuarias.

As augas do porto subdividiranse en dúas zonas:

Zona I ou interior das augas portuarias, que abranguerá os espazos incluídos dentro dos diques de abrigo e as zonas necesarias para as manobras de atracada e de revirada, onde non exista aqueles.

Zona II ou exterior das augas portuarias, que abranguerá as zonas de entrada, manobra e posible ancoraxe, subsidiarias do porto correspondente e suxeitas só ao control tarifario.

5. Enténdese por dársena o espazo portuario de auga abrigada no que se realizan actividades e manobras marítimas, e que está destinado ao uso portuario predominante.
6. Enténdese por canal de navegación a zona de auga abrigada coa profundidade suficiente para facer viable a navegación hasta a entrada o saída do porto.
7. Zona de fondeo é a superficie de auga incluída na zona de servizo do respectivo porto, abrigada total ou parcialmente de forma natural ou artificial, que permite o ancoraxe e permanencia das embarcacións en certas condicións de seguridade.
8. As augas marítimas e interiores e os terreos de dominio público marítimo-terrestre ocupados polo porto teñen a consideración de bens adscritos a Comunidade Autónoma de Galicia. ⁽⁶⁾

II.- Clases de navegación.

Para os efectos de aplicación destas tarifas entenderase por:

A) Navegación interior, local ou de ría: é a que transcorre integramente dentro do ámbito dun determinado porto ou doutras augas interiores españolas.

B) Navegación de cabotaxe: é a que non sendo navegación interior se efectúa entre portos ou puntos situados en zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

C) Navegación exterior: é a que se efectúa entre portos ou puntos situados en zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición e portos ou puntos situados fóra das devanditas zonas.

D) Navegación extranacional: é a que se efectúa entre portos ou puntos situados fóra das zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

III.- Arqueo bruto (GT) e calado máximo.

a) O arqueo bruto é o que como tal figura no certificado internacional estendido de acordo co Convenio Internacional sobre Arqueo de Buques, aprobado en Londres o 23 de xuño de 1969 (*Boletín Oficial del Estado* do 15 de setembro de 1982), denominado abreviadamente GT. De non dispoñer o buque do mencionado certificado poderá recorrerse ó valor que como tal figure no *Lloyd's Register of Shipping*.

No suposto de que o arqueo do buque non figure no *Lloyd's Register of Shipping* ou o buque presente un certificado do seu arqueo bruto medido segundo o procedemento do Estado da súa bandeira, denominado abreviadamente TRB, ou que sexa este o que apareza no *Lloyd's Register of Shipping*, Portos de Galicia asignará un arqueo novo a partir das dimensións básicas do buque. A devandita asignación débese realizar aplicando a seguinte fórmula:

$GT \text{ (Londres provisional)} = 0,4 \times E \times M \times P$, na que E = eslora máxima total, M = manga máxima, P = puntal de trazado.

No suposto de construción, o arqueo bruto será o correspondente ó buque rematado; no caso de desmantelamento, o arqueo bruto será a metade do orixinal.

b) O calado máximo é o calado de trazado definido segundo a regra 4.2 do Regulamento para a determinación dos arqueos bruto e neto de buques, que figura como anexo I do Convenio Internacional sobre Arqueo de Buques do 23 de xuño de 1969 e, no seu defecto, o que figura no *Lloyd's Register of Shipping*.

IV.- Cruceiros turísticos.

Entenderase que un barco de pasaxeiros está realizando un cruceiro turístico cando reúna un dos seguintes requisitos:

— Que entre no porto e sexa despachado con este carácter polas autoridades competentes.

— Que o número de pasaxeiros en réxime de cruceiro supere o 75 % do total de pasaxeiros. Entenderase que un pasaxeiro viaxa en réxime de cruceiro cando a escala no porto forme parte dunha viaxe que, en si mesma, ten un obxecto preferentemente turístico ou de lecer e non de transporte.

Na declaración que se debe presentar indicaranse, ademais das características do barco e do tempo de estadía previsto no porto, o itinerario do cruceiro, o número de pasaxeiros e mailas súas condicións de pasaxe.

V.- Eslora máxima ou total.

É a que figura na Lista Oficial de Buques de España e, no seu defecto e sucesivamente, no *Lloyd's Register of Shipping*, no certificado do arqueo e, a falta do anterior, a que resulte da medición que a dirección do porto practique directamente.

No caso de que exista discrepancias, ou sempre que existan dúbidas sobre as dimensións totais reais da embarcación, Portos de Galicia poderá realizar a medición directa da embarcación. As dimensións resultantes da medición directa da embarcación serviran de base para a aplicación das tarifas portuarias, e entenderase por eslora máxima ou total a distancia entre os puntos máis extremos da embarcación, incluíndo todos aqueles elementos fixos ou desmontables que formen parte dela, aínda que poidan eliminarse sen afectar a integridade estrutural da embarcación. ⁽⁸⁾

VI.- Exencións e bonificacións.

Un.- Non se concederán bonificacións nin exencións no pagamento destas tarifas, agás as previstas nas regras da súa aplicación. Nembargantes, quedan exentos do pagamento das tarifas xerais:

1.º) Os barcos de guerra e as aeronaves militares nacionais. Do mesmo xeito os estranxeiros que, en réxime de reciprocidade, non realicen operacións comerciais e sempre que a súa visita teña carácter oficial ou de arribada forzosa.

2.º) As embarcacións dedicadas polas administracións públicas a labores de vixilancia, investigación, protección e rexeneración costeira, represión do contrabando, salvamento, loita contra a contaminación marítima, ensinanzas marítimas e, en xeral, a misións oficiais da súa competencia.

3.º) O material e as embarcacións da Cruz Vermella Española dedicadas ós labores propios que ten encomendados esta institución.

VII.- Prestación de servizos específicos fóra de horario normal.

A prestación de servizos específicos en días festivos ou fóra de xornada ordinaria nos laborables quedará supeditada á posibilidade e conveniencia da súa realización, a xuízo de Portos de Galicia, e serán aboados coas recargas que en cada caso correspondan.

VIII.- Morosos.

O ente público Portos de Galicia non prestará servizos específicos e poderalle negar os xerais a quen estea sometido á vía de constrinximento, por ser debedor do devandito ente público.

IX.- Responsabilidades.

Portos de Galicia non será responsable dos danos, prexuízos e estragos debidos a paralizacións dos servizos, nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou malas manobras.

Naqueles casos de prestación de servizos con equipos de Portos de Galicia, o usuario deles deberá ter subscrita a correspondente póliza de seguros que cubra os posibles riscos.

En calquera caso, suponse que os usuarios son coñecedores das condicións de prestación dos servizos e das características técnicas dos equipos e elementos que utilizan, e por iso serán responsables das lesións, dos danos e das avarías que lles ocasionen a Portos de Galicia ou a terceiros, como consecuencia da súa intervención na utilización do servizo correspondente.

X.- Adicionais.

Son intransferibles tódalas autorizacións que se outorguen para a utilización dos diferentes servizos.

Todo peticionario do servizo acepta coñecer os regulamentos e as disposicións do porto, e queda obrigado a solicitalo coa debida antelación, facilitándolle a Portos de Galicia aqueles datos que, en relación co devandito servizo, lle sexan requiridos.

01 Tarifas por servizos xerais

Tarifa X-1. Entrada e estadía de barcos

Primeira.— Esta tarifa abrangue a utilización das augas do porto, instalacións de sinais marítimos e balizamento, canles de acceso, esclusas (sen incluír o amarre, o remolque ou a sirgaxe nela) e pontes móbiles, obras de abrigo e zonas de ancoraxe, e seralles aplicable na contía e nas condicións que se indican máis adiante a tódolos barcos que entren nas augas do porto.

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados a pagaren esta tarifa os armadores ou os seus representantes ou os consignatarios dos barcos que utilicen os servizos indicados na regra anterior. (ver artigo 27)

Terceira.— As bases para a liquidación desta tarifa serán: o arqueo bruto do barco e o tempo que permaneza no porto.

Cuarta.— A contía da tarifa será a seguinte:

A contía básica desta tarifa será de 7,990506 € ⁽¹³⁾ por cada 100 unidades de arqueo bruto ou fracción, por cada período de vinte e catro horas ou fracción, coa aplicación das seguintes porcentaxes:

— Para buques de ata 3.000 GT: o 90 % da contía base da tarifa.

— Para buques entre 3.001 GT e 6000 GT: o 100 % da contía base da tarifa.

— Para buques de máis de 6.000 GT: o 110 % da contía base da tarifa.

Reducións ou bonificacións

1.- Por estadías curtas:

Por períodos de tempo inferiores ás seis horas aplicarase unha redución do 50 % da contía da tarifa.

2.- Por tipo de navegación:

Ós buques que realicen navegación interior ou de cabotaxe aplicaráselles unha redución do 50 % da contía da tarifa. Esta redución pode ser acumulada coa do apartado 1 anterior.

Ós buques de bandeira dun país da Unión Europea rexistrados en territorio da mesma Unión Europea que efectúen navegación entre portos da Unión Europea poderáselles aplicar unha redución do 50 % da contía da tarifa. Esta redución non pode ser acumulada coa do parágrafo anterior pero si coa do apartado 1.

Cando polo tipo de navegación de entrada ó porto se teña dereito a unha tarifa reducida distinta da correspondente á aplicable polo tipo de navegación de saída, aplicarase a semisuma de ambas dúas.

3.- Por arribada forzosa:

A contía da tarifa que se lles debe aplicar ós buques que entren nos portos en arribada forzosa será a metade da que lles correspondería de aplicar esta regra, sempre e cando non utilicen ningún dos servizos de Portos de Galicia ou de particulares, agás as peticións de servizos que teñan por obxecto a protección das vidas humanas no mar.

4.- Por cruceiros turísticos:

Ós barcos de pasaxeiros que realicen cruceiros turísticos aplicaráselles a tarifa correspondente cunha redución do 30 %.

5.- Unicamente para a súa aplicación aos servizos prestados no ano 2018, inclúese un novo suposto de bonificación por limitacións de calado sobrevidas e declaradas polo organismo competente nun porto concreto, aplicable unicamente aos barcos mercantes, no porto coa limitación e durante o tempo que persista esta limitación de calado. ⁽¹³⁾

Aplicarase aos barcos mercantes a tarifa correspondente cunha redución do 30%.⁽¹³⁾

Quinta.— Aos barcos mercantes ⁽²⁾ que efectúen máis de doce entradas nas augas do porto durante o ano natural aplicaráselle as seguintes tarifas:

- Da entrada 13.^a á 24.^a: o 85 % da tarifa da regra cuarta.
- Da entrada 25.^a á 40.^a: o 70 % da tarifa da regra cuarta.
- Nas entradas 41.^a e seguintes: o 50 % da tarifa da regra cuarta.

Sexta.— Nas liñas de navegación con cualificación de regulares e sempre que antes do 1 de xaneiro de cada ano esta condición estea suficientemente documentada perante Portos de Galicia, as tarifas que se lles apliquen aos seus barcos poderán ser:

- Da entrada 13.^a á 24.^a: o 90 % da tarifa da regra cuarta.
- Da entrada 25.^a á 50.^a: o 80 % da tarifa da regra cuarta.
- A partir da entrada 51.^a: o 70 % da tarifa da regra cuarta.

A denegación destas tarifas terá que ser motivada.

Para que nos barcos que se incorporen a unha liña se poida optar á aplicación destas tarifas reducidas, será condición necesaria que antes da entrada en porto deses barcos se xustifique esta circunstancia documentalmente perante Portos de Galicia. Estas tarifas reducidas non terán en ningún caso carácter retroactivo.

Para os efectos do cómputo de entradas, acumularanse en cada porto tódalas entradas dos barcos dunha mesma liña regular ou dun mesmo armador.

As tarifas reducidas de escala das que se fai mención nesta regra e mais na anterior serán excluíntes entre elas. ⁽²⁾

Sétima.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar cando o barco entre nas augas de calquera das zonas do porto. As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Oitava.— Pola estancia e uso prolongado das augas portuarias, aplicaranse as seguintes contías ⁽⁶⁾:

- a) Buque en construción: o 50% da contía da tarifa.
- b) Buque en reparación: o 50% contía da tarifa.
- c) Buque pesqueiro: o 25% da contía da tarifa.
- d) Buque para desmantelamento: o 75% da tarifa o primeiro ano.
- e) Buque en depósito xudicial:
 - a partir do 6º mes, o 50% da contía da tarifa.
 - a partir do 12º mes, o 25% da contía da tarifa.

As contías b) e c) e, por outro lado, as c) e d) son acumulables entre elas. ⁽⁶⁾

Para que esta tarifa lle sexa aplicada a un buque será condición indispensable que previamente se formule a correspondente declaración perante a dirección do porto e que esta dea a súa conformidade.

Novena.— Os barcos destinados ao tráfico de pasaxeiros interior ou de ría e os remolcadores e dragas con base no porto aboarán mensualmente quince veces o importe diario que lles corresponde por aplicación da regra cuarta desta tarifa, independentemente das entradas, saídas e días de estancia no porto. Para que esta regra sexa aplicada a un buque será condición indispensable que previamente se formule a correspondente declaración perante a dirección do porto e que esta dea a súa conformidade. ⁽²⁾

Décima.— Portos de Galicia poderá establecer convenios anuais para a liquidación desta tarifa con asociacións profesionais do sector que agrupen a varias embarcacións destinadas ao servizo de acuicultura, cunha redución adicional do 75% sobre a base imponible resultante. ⁽⁸⁾

Décimo primeira.— Os barcos que estean en varadoiros ou en diques e paguen as tarifas correspondentes a estes servizos non aboarán esta tarifa X-1 durante o tempo que permanezan nesta situación.

Décimo segunda.— Non están suxeitos ó aboamento desta tarifa os barcos que lle aboen a Portos de Galicia as tarifas X-4 e X-5 e que cumpran as condicións que se especifiquen nas regras de aplicación das devanditas tarifas.

Décimo terceira.— No caso de barcos portabarcasas, e con independencia da tarifa que lle corresponda ó propio barco, as barcasas que estean aboiando estarán igualmente suxeitas á aplicación desta tarifa.

Décimo cuarta.— Calquera das reducións establecidas respecto das contías da regra cuarta será incompatible coa consideración dun arqueo distinto do máximo.

Décimo quinta.— Cando un buque entrase nas augas do porto sen autorización deberá aboar en concepto de tarifa X-1 un importe cinco veces superior á que lle corresponde por aplicación da

regra cuarta sen ningún tipo de redución, sen que iso o exima da obriga de abandonar as augas do porto, de ser o caso, así como lle sexa ordenado e con independencia das sancións ás que esta actuación dea lugar.

Tarifa X-2. Atracada

Primeira.— Esta tarifa abrangue o uso das obras de atracada e dos elementos fixos de amarre e defensa, e, se é o caso, a vixilancia específica, e seralles aplicable na contía e nas condicións que se indican máis adiante a todos os barcos que utilicen as obras e os elementos antes sinalados que fosen construídos total ou parcialmente pola Administración portuaria ou propiedade dela. ⁽¹⁰⁾

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados a pagaren esta tarifa os armadores ou os seus representantes ou os consignatarios dos barcos que utilicen os servizos citados na regra anterior. (ver artigo 27)

Terceira.— As bases para a liquidación desta tarifa serán a eslora máxima do barco, o calado do peirao e o tempo que o barco permaneza no atracadoiro ou no amarre.

Nos supostos de que un buque transporte calquera tipo de mercadoría perigosa e como consecuencia diso sexa necesario dispoñer dunhas zonas de seguridade a proa e/ou popa, considerarase como base para efectos da tarifa a eslora máxima do barco, incrementada na lonxitude das mencionadas zonas.

A contía básica desta tarifa é de 0,998183 € ⁽¹³⁾ por cada metro de eslora ou fracción e por cada período de vinte e catro horas ou fracción que permaneza atracado ou amarrado, cos seguintes coeficientes por calado do peirao medido en B.M.V.E.:

- Por calado do peirao igual ou maior a 7 metros, coeficiente = 1.
- Por calado do peirao inferior aos 7 metros, coeficiente = 0,5.

Por períodos de tempo inferiores ás seis horas aplicarase unha redución do 50 % da contía da tarifa indicada anteriormente.

Naquelas terminais nas que Portos de Galicia preste vixilancia presencial específica a tarifa base resultante incrementarase en 224,42 € ⁽¹³⁾ por cada 24 horas ou fracción de estancia vixiada, agás para escalas inferiores a 12 horas, en cuxo caso este incremento será de 112,21 € ⁽¹³⁾. A esta contía non lle será de aplicación ningunha das bonificacións incluídas na presente tarifa X-2. ⁽¹⁰⁾

Cuarta.— Aos barcos mercantes ⁽²⁾ que efectúen máis de doce atracadas nos peiraos do porto en entradas distintas durante o ano natural aplicaráselle as seguintes tarifas:

- Nas atracadas da 13.^a á 24.^a: o 85 % da tarifa da regra terceira.
- Nas atracadas da 25.^a á 40.^a: o 70 % da tarifa da regra terceira.
- Nas atracadas 41.^a e seguintes: o 50 % da tarifa da regra terceira.

Quinta.- Nas liñas de navegación con cualificación de regulares e sempre que antes do 1 de xaneiro de cada ano esta condición estea suficientemente documentada perante Portos de Galicia, as tarifas aplicables ós seus barcos poderán ser:

- Nas atracadas do 13.^a á 24.^a: o 90 % da tarifa da regra terceira.
- Nas atracadas da 25.^a á 50.^a: o 80 % da tarifa da regra terceira.

— A partir da atracada 51.^a: o 70 % da tarifa da regra terceira.

A denegación destas tarifas terá que ser motivada.

Para que os buques que se incorporen a unha liña poidan optar á aplicación destas tarifas reducidas, será condición necesaria que antes da entrada en porto deses barcos se xustifique esta circunstancia documentalmente perante Portos de Galicia. Estas tarifas reducidas non terán en ningún caso carácter retroactivo.

Para os efectos do cómputo de atracadas, acumularanse en cada porto tódalas atracadas dos barcos dunha mesma liña ou dun mesmo armador.

As tarifas reducidas de escala das que se fai mención nesta regra e mais na anterior serán excluíntes entre elas.

Sexta.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar desde a hora para a que se autorizou a atracada e finalizará no momento de largar a última amarra. As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Sétima.— Se un barco realizase distintas atracadas dentro do mesmo período de vinte e catro horas, sen saír das augas do porto, considerarase como unha única operación, aplicándose a tarifa correspondente ó peirao de maior calado daqueles nos que estivo atracado.

Cando dentro da ordenación de tráfico establecida no porto, a petición dunha determinada atracada das dispoñibles non poida ser atendida e sexa aceptada polo barco a oferta doutra atracada de maior calado do necesario, pagará a tarifa correspondente ó peirao solicitado inicialmente.

Oitava.— Os barcos abarloados a outro xa atracado de costado ó peirao ou a outros barcos abarloados pagarán unha tarifa da metade da que figura na regra terceira, sempre e cando a súa eslora sexa igual ou inferior á do barco atracado ó peirao ou á dos outros barcos abarloados a este. De ser aquela superior, pagarán ademais o exceso de eslora consonte a citada tarifa da regra terceira.

Novena.— Os barcos atracados de punta ó peirao aboarán unha tarifa igual ó 50 % da establecida na regra terceira.

Décima.— Se algún barco prolongase a súa estadía no porto por riba do tempo normal previsto, sen causa que o xustifique a xuízo de Portos de Galicia, fixaráselle un prazo para abandonar a atracada; no caso de non o facer así, pagará a tarifa que se fixa na regra seguinte.

Décimo primeira.— O barco que, logo de recibir orde de desatracar ou de rectificar a atracada, demore estas operacións pagará, con independencia das sancións que correspondan, as seguintes cantidades:

— Por cada unha das dúas primeiras horas ou fraccións: o importe da tarifa de vinte e catro horas da regra terceira.

— Por cada unha das horas restantes: dúas veces o importe da tarifa de vinte e catro horas da regra terceira.

Para o computo destas cantidades aplicarase a contía básica reflectida na regra terceira desta tarifa. Ó valor resultante incrementarase, de ser o caso, coa contía por prestación de vixilancia específica presencial que corresponda.⁽¹⁰⁾

Décimo segunda.— Se por calquera circunstancia se dese o caso de que un barco atracase sen autorización, pagará desde o momento da atracada unha tarifa igual á fixada na regra anterior, sen que iso o exima da obriga de desatracar en canto así lle sexa ordenado, e con independencia das sancións ás que tal actuación dese lugar.

Décimo terceira.— Os barcos destinados ó tráfico de pasaxeiros interior ou de ría e os remolcadores e dragas con base no porto que atraquen habitualmente en determinados peiraos aboarán mensualmente quince veces o importe diario que lles correspondese por aplicación da regra terceira desta tarifa, independentemente das entradas, saídas e días de estancia no porto. Para que esta regra sexa aplicada a un buque será condición indispensable que previamente se formule a correspondente declaración perante a dirección do porto e que esta dea a súa conformidade. ⁽²⁾

Décimo cuarta.— Por a estancia e uso prolongado das instalacións de atraque portuarias e polas instalacións flotantes, aplicaranse as seguintes contías ⁽⁶⁾:

- a) Buque en construción: o 50% da contía da tarifa.
- b) Buque en reparación: o 50% da contía da tarifa.
- c) Buque pesqueiro: o 25% da contía da tarifa.
- d) Buque para desgüace: o 75% da tarifa o primeiro ano.
- e) Buque en depósito xudicial:
 - a partir do 6º mes, o 50% da contía da tarifa.
 - a partir do 12º mes, o 25% da contía da tarifa.

As contías b) e c) e, por outro lado, as c) e d) son acumulables entre elas. ⁽⁶⁾

Para que esta tarifa lle sexa aplicada a un buque será condición indispensable que previamente se formule a correspondente declaración perante a dirección do porto e que esta dea a súa conformidade. ⁽⁶⁾

Décimo quinta.— As embarcacións destinadas ao servizo da acuicultura que atraquen habitualmente en peiraos habilitados para o efecto pagarán mensualmente quince veces o importe diario que lles correspondería ao aplicar a tarifa xeral. Cando estas embarcacións dispoñan dunha praza reservada para o seu uso exclusivo en peiraos ou embarcadoiros, a tarifa aplicable será a que lle corresponda por aplicación da regra terceira para a totalidade do período autorizado, independentemente das entradas, saídas ou días de ausencia da atracada. ⁽³⁾

Portos de Galicia poderá establecer convenios anuais para a liquidación desta tarifa con asociacións profesionais do sector que agrupen a varias embarcacións destinadas ao servizo de acuicultura, cunha redución adicional do 90% na contía da tarifa. As embarcacións deberán pertencer a unha asociación profesional do sector, e o concerto establecerse en función do período e da ocupación da liña de atracada. ⁽⁸⁾

Décimo sexta.— Non están suxeitos ó pagamento desta tarifa os barcos que lle aboan a Portos de Galicia a tarifa X-4 ou a X-5 e que cumpran as condicións que se especifiquen nas regras de aplicación das citadas tarifas.

Tarifa X-3. Mercadorías e pasaxeiros

Primeira.— Esta tarifa abrangue a utilización polas mercadorías e polos pasaxeiros que embarquen, desembarquen, transborden ou efectúen tránsito marítimo ou terrestre das zonas de manobra, manipulación e tránsito, dos accesos e vías de circulación terrestres viarias e ferroviarias e doutras instalacións portuarias fixas. Así mesmo, inclúese no feito imponible a súa utilización polas mercadorías ou polos pasaxeiros que accedan ou saian da zona de servizo do porto por vía terrestre sen utili-

zar en ningún momento a vía marítima, agás que teñan como orixe ou destino instalacións fabrís, de transformación, loxísticas ou de almacenaxe situadas na zona de servizo do porto.

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados a pagaren esta tarifa os armadores ou os consignatarios dos barcos que utilicen o servizo e os propietarios do medio de transporte cando a mercadoría entre e saia do porto por medios exclusivamente terrestres. Subsidiariamente, serán responsables do pagamento da tarifa os propietarios da mercadoría e, no seu defecto, os seus representantes autorizados, agás que proben que lles fixeron provisión de fondos ós representantes principais. (ver artigo 27)

Terceira.— As bases para a liquidación desta tarifa serán: para as mercadorías, a súa clase e peso, e para os pasaxeiros, o seu número e a modalidade da pasaxe, e en ámbolos casos a clase de comercio ou tráfico e o tipo de operación.

Cuarta.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar cando se inicien as operacións de paso de mercadorías ou pasaxeiros polo porto e seralles aplicable, nas condicións que se especifican a seguir, a tódolos pasaxeiros que embarquen ou desembarquen e ás mercadorías embarcadas, desembarcadas ou transbordadas ou que circulen polos portos total ou parcialmente construídos pola Administración portuaria, ou que sexan propiedade dela, e polos peiraos ou as instalacións construídos por particulares en réxime de concesión administrativa dentro das augas do porto, así como ás mercadorías que entren por terra nas zonas portuarias e volvan saír sen seren embarcadas.

As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Quinta.— A contía da tarifa de pasaxeiros será a seguinte: ⁽¹³⁾

Concepto	Tipo de navegación		
	Interior, local ou de ría	Entre portos da UE	Exterior
A) Pasaxeiros			
Bloque II	0,029082	0,894456	2,683374
Bloque I	0,058270	2,491704	4,983407
B) Vehículos			
Motocicletas e vehículos ou remolque de dúas rodas	0,140280	0,280560	0,561124
Automóbiles	0,701405	1,402807	2,805617
Camións, autocares e outros vehículos de transporte colectivo	3,507021	7,014041	14,028082

Aplicaráselles a tarifa do bloque I ós pasaxeiros de camarotes ou cabinas e a do bloque II ós que ocupan butacas de salón e ós pasaxeiros de cuberta.

Sexta.— Os pasaxeiros que realicen un cruceiro turístico con escala intermedia nun porto e que non desembarquen neste non están suxeitos a esta tarifa, pero enténdese, agás proba en contra, que os mencionados pasaxeiros baixan desde o buque ó peirao polo menos unha vez no día. Nembargantes, cando o número de pasaxeiros que baixe sexa superior ó 50 % do total de prazas ocupadas de cada bloque, poden establecerse concertos, previamente á chegada do buque ó porto, entre os armadores ou os seus representantes e Portos de Galicia, nos que se cobrará, como mínimo, unha operación de embarque ou desembarque e en cada período de vinte e catro horas ou fracción de estadía do buque no porto, aplicada á metade das prazas ocupadas en cada bloque. O aboamento da tarifa correspondente a pasaxeiros dá dereito a embarcar ou desembarcar a equipaxe de cabina. O aboamento da correspondente a vehículos dá dereito a embarcar ou desembarcar a equipaxe que se transporta neles.

Ós buques turísticos locais aplícaselles a tarifa só para o embarque.

Sétima.— No caso de inexactitude ou ocultación no número de pasaxeiros, na clase de pasaxe ou na clase de tráfico, aplicarase unha tarifa do dobre dos tipos sinalados na regra quinta pola totalidade da partida mal declarada ou non declarada.

Oitava.— Para os tráficos considerados regulares, estableceuse unha bonificación a aplicar sobre a tarifa base definida na regra quinta dun 10% ata os 50.000 embarques ou desembarques de pasaxeiros realizados dentro da mesma liña regular, e do 20% nos pasaxeiros embarcados ou desembarcados que superen este número.⁽⁹⁾

Entenderase tráfico regular, ós efectos de aplicación desta bonificación, aquelas liñas de transporte marítimo que se presten con continuidade durante todo o ano, con horarios preestablecidos e con portos de orixe e destino diferentes.⁽⁹⁾

Novena.— As contías da tarifa aplicables a cada partida de mercadorías serán por tonelada métrica de peso bruto ou fracción e en función do grupo de bonificación ao que pertenzan, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na regra vixésimo quinta desta tarifa.

⁽¹³⁾

Grupo de mercadorías	Prezo en euros por tonelada métrica
Primeiro	0,445598
Segundo	0,742663
Terceiro	1,188261
Cuarto	1,930925
Quinto	2,970653

As mercadorías que exclusivamente se embarquen terán unha bonificación do 30 % na base da tarifa.

Ás mercadorías que sexan transbordadas aplicaráselles esta tarifa cunha bonificación do 50% na súa contía en cada unha das operacións. ⁽²⁾

Ás mercadorías que realicen tránsito marítimo ou terrestre non se lles aplicará ningunha variación con respecto ás contías das tarifas de embarque e desembarque. ⁽²⁾

Para partidas cun peso total inferior a unha tonelada métrica a contía será, por cada 200 quilogramos ou fracción en exceso, a quinta parte da que correspondería pagar por unha tonelada.

Para os efectos desta regra entenderase como partida as mercadorías incluídas en cada liña dun mesmo coñecemento de embarque.

Décima.— Cando a mercadoría obxecto da tarifa sexan produtos procedentes de acuicultura criados en bateas ou noutro tipo de instalacións flotantes, aboará a tarifa correspondente pola súa produción, aínda que Portos de Galicia poderá establecer concertos anuais cos propietarios ou asociacións de propietarios.

No caso de que o produto sexa mexillón, no suposto de formalizar o convenio indicado, aplicase unha tarifa anual por batea, estimando unha produción media de 70 Tn/ano, resultando unha tarifa anual de 203,848363 €/ano ⁽¹³⁾. Cando non sexa formalizado convenio e non existan datos reais da descarga anual de cada batea no porto, tomarase como descarga anual estimada para os efectos do computo desta tarifa 90 Tn/ano.

No suposto doutros produtos acuícolas, as contías obteranse segundo a negra novena da presente tarifa considerando as ditas mercadorías dentro do grupo quinto e a descarga real efectuada.

No concerto indicado poderase establecer unha redución da contía da tarifa dependendo do número de bateas ou instalacións flotantes adscritas a el, segundo os tramos establecidos no seguinte cadro:

Número de bateas adscritas ó convenio	% bonificación
Da batea 0 a 4	0%
Da batea 5 a 20	75%
Da batea 21 a 50	80%
Da batea 51 a 100	85%
Por riba da batea 101	90%

Polo tanto, o importe resultante da tarifa X-3 cando sexan formalizados convenios será a suma da taxa obtida en cada un dos intervalos, sendo cada sumando o resultado de multiplicar a contía unitaria correspondente polo número de bateas ou instalacións flotantes do intervalo e por 1, menos a bonificación que lle corresponda ao citado intervalo expresado en tanto por un. ⁽¹⁰⁾

Décimo primeira.— Enténdese por transbordo a operación pola que se trasladan as mercadorías dun barco a outro sen se deter nos peiraos e con presenza simultánea no porto de ámbolos barcos durante as operacións.

Enténdese por tránsito marítimo a operación que se realiza coas mercadorías que, descargadas dun barco no peirao, volven ser embarcadas en barco distinto ou no mesmo barco en distinta

escala, sen saír do porto, agás que por necesidades estritas de conservación non se dispoña no porto de instalacións apropiadas.

Enténdese por tránsito terrestre as entradas e saídas por vía terrestre do porto.

Décimo segunda.— Cando un vulto, caixa ou colector conteña mercadorías ás que lles correspondan tarifas de diferentes contías, aplicaráselle á súa totalidade a maior delas; a non ser que aquelas se poidan clasificar coas probas que presenten os interesados, e nese caso aplicaráselle a cada partida a contía que lle corresponda.

Décimo terceira.— Portos de Galicia está facultado para proceder á comprobación do peso e da clase das mercadorías, e serán por conta do suxeito pasivo obrigado ó pagamento da tarifa os gastos que se ocasionen como consecuencia desa comprobación.

Décimo cuarta.— O desembarque a peirao ou a terra e o embarque desde peirao ou terra que se realice sen estar o buque atracado, por intermedio de embarcacións auxiliares ou calquera outro procedemento, pagará consonte as contías fixadas na regra novena.

Décimo quinta.- Para potenciar a captación e consolidación de tráficos en cada porto, Portos de Galicia poderá aplicar bonificacións singulares sobre a cota líquida desta tarifa a aqueles tráficos que sexan sensibles para a economía de Galicia ou que teñan a condición de prioritarios ou estratéxicos, de forma que poidan articularse accións comerciais axeitadas a determinados tipos de tráficos e operacións en colaboración co sector privado e a súa adaptación a condicións de mercado.

Enténdese por cota líquida a que resulta de aplicarlle á cota íntegra as restantes bonificacións previstas nesta lei.

Só terán dereito a estas bonificacións os suxeitos pasivos con compromisos de tráficos relevantes aprobados no correspondente convenio con Portos de Galicia.

Os parámetros de cuantificación en relación co suxeito pasivo serán:

- a) O tipo de tráfico comprometido.
- b) O volume de tráfico comprometido e a súa evolución anual medido en toneladas de mercadorías, contedores e número de vehículos.
- c) A duración do convenio.

A máxima bonificación que se poderá acadar sobre a cota líquida será do 60% ⁽⁷⁾

Décimo sexta.— As mercadorías desembarcadas en depósito flotante ou pontóns e que posteriormente se reembarquen noutro barco sen pasaren por terra ou polos peiraos aboarán a tarifa sinalada na regra novena.

Décimo sétima.— Cando as mercadorías desembarcadas por causa de estiba, avaría, calado ou incendio sexan reembarcadas no mesmo barco e na mesma escala aboarán pola operación completa a tarifa fixada na regra novena.

Décimo oitava.— No tráfico en réxime de tránsito internacional, é dicir, cando as mercadorías con orixe nun porto estranxeiro volvan saír con destino a outro porto estranxeiro, Portos de Galicia poderá establecer anualmente, en función do volume de tráfico achegado por cada usuario, coeficientes correctores que se lles aplicarán ás contías fixadas na regra novena.

No caso particular do tráfico de contedores poderase establecer, ademais, a simplificación de considerar tódalas mercadorías transportadas neles como incluídas no grupo de repertorio de mercadorías que lles corresponda ponderadamente, ó mesmo tempo que consideralos dun peso medio por

unidade de carga. A consideración dun grupo igual ou inferior ó quinto dos establecidos na regra novena, no que se inclúen os colectores baleiros, ou dun peso medio da carga neta inferior a 10 toneladas por TEU deberá ser especialmente comprobada e xustificada segundo o tipo de mercadoría transportada perante Portos de Galicia.

Décimo novena.— Para a liquidación desta tarifa o suxeito pasivo obrigado ó pagamento deberá presentar, antes de comezar a descarga ou antes de que transcorresen vinte e catro horas desde que rematou a carga, o manifesto de carga ou unha declaración da totalidade das mercadorías transportadas ou para transportar, onde se indicará o número de vultos, a clase e o peso das mercadorías e maila súa orixe ou destino, todo isto na maneira que determine o ente público Portos de Galicia.

Vixésima.— As tarifas aplicables ás mercadorías serán o dobre das sinaladas nas regras anteriores no caso de atraso na presentación da declaración ou do manifesto.

No caso de ocultación de mercadorías na declaración ou no manifesto ou de inexactitude nestes, con falseamento da clase de mercadorías, da procedencia ou do destino destas (que poidan afectar a aplicación da tarifa), ou de diminución do peso en máis dun 10 %, aplicarase tarifa dobre, ademais da sanción que lle poida corresponder de ser o caso.

Vixésimo primeira.— Non lle será aplicable esta tarifa X-3 á pesca fresca que lle satisfaga a tarifa X-4 a Portos de Galicia.

Vixésimo segunda.— As mercadorías cargadas ou descargadas en peiraos, embarcadoiros ou boias construídas por particulares en réxime de concesión administrativa aboarán por esta tarifa a contía que se fixe na propia resolución de outorgamento. Estas contías non se poderán reducir en ningún caso respecto das establecidas nestas regras en proporción superior ó 10 % cando as citadas instalacións se sitúen na zona I das augas do porto ou ó 20 % cando estean na zona II.

En ámbalas zonas, para as concesións xa outorgadas, aplicarase a tarifa consonte o establecido nas correspondentes resolucións de outorgamento da concesión, mantendo as tarifas reducidas que se establecen nas citadas resolucións.

Vixésimo terceira.— Á mercadoría que se transporte en buques en réxime de cruceiro turístico aplicaráselle a tarifa correspondente na contía determinada na regra novena sen redución. Para estes efectos non terá o carácter de mercadorías a equipaxe de camarote.

Vixésimo cuarta.— Nos tráficos TIR, TIC, TIF ou semellantes, as mercadorías que entren e saian do recinto portuario sen utilizar a vía marítima estarán suxeitas ó aboamento da tarifa X-3, consonte os seguintes criterios:

A) Os cargamentos en réxime de grupaxe consideraranse incluídos na súa totalidade no grupo quinto do repertorio de mercadorías, agás as partidas de peso superior ós 2.000 kg, as cales se liquidarán polo grupo tarifario que especificamente lles corresponda.

B) Os cargamentos puros liquidaranse polo grupo que lles corresponda en función da natureza da mercadoría.

C) Aqueles cargamentos que só entren no recinto portuario para os efectos de recoñecemento aboarán a tarifa correspondente ó grupo quinto en desembarque de navegación exterior aplicada á cantidade de dúas toneladas por vehículo.

D) No caso de que a carga ou descarga sexa parcial aplicaráselle o criterio exposto na letra C) ó resto do cargamento que non se descargue e sexa só recoñecido. Ás mercadorías cargadas ou

descargadas aplicaráselle os criterios establecidos nas letras A) e B), a non ser que a descarga das mercadorías sexa ordenada pola aduana para a súa inspección e sexan cargadas de contado.

E) O ente público Portos de Galicia establecerá as normas pertinentes para que os concesionarios dos recintos de réxime TIR realicen a xestión de cobramento desta tarifa consonte os criterios anteriores e o seu posterior ingreso no citado organismo.

Vixésimo quinta.— As mercadorías e os combustibles embarcados para o avituallamento do propio barco directamente desde terra non están suxeitos ao aboamento desta tarifa, sempre que o combustible págase a tarifa de entrada no porto correspondente. ⁽²⁾

Vixésimo sexta.- O repertorio de clasificación de mercadorías para os efectos de determinación das contías aplicables nesta tarifa será o seguinte:

Código de designación de mercadorías	Grupo de mercadorías	Denominación
0101 a 0511	5	Animais e produtos do reino animal
		Produtos do reino vexetal:
1003/1213 a 1214	2	Orxo/palla e forraxes
0601 a 0604/0701 a 0714/0801 a 0814/1001 a 1109	3	Plantas vivas e flores/legumes/hortalizas/froitas/cereais e fariñas (agás orxo)
1201 a 1212	3	Oleaxinosas
0901 a 0910/1301 a 1404	5	Café, té, herba mate e especias/gomas, resinas e materias trenzables
		Graxas e aceites animais ou vexetais:
1522	2	Degrás
1501G a 1520G	4	Aceites a granel
1501E a 1520E/1521	5	Aceites envasados/ceras.
		Industrias alimentarias:
2201V	0,2*1	Auga a granel para abastecemento de núcleos de poboación.
2201G	1	Auga a granel.
1703/ 2303/ 2306	2	Melaza/residuos industriais do amidón, polpa de remolacha e outros/tortas doutros aceites.
2009/ 2201 e/ Resto desde 2301 a 2309	3	Zumes/auga envasada/residuos da extracción de aceite de soia e de cacahuete, outros residuos e pensos.
1701/1902/1903/2001 a 2005/2203G a 2209G	4	Azucres/pastas/tapioca/conservas de legumes ou hortalizas/líquidos alcohólicos e vinagre, a granel.
Resto desde 1601 a 2403 (incluídos 2203E a 2209E)	5	Resto de industria alimentaria.
		Minerais:
		A) Sal, xofre, terras e pedras, xesos, cales e cementos:
2505/2520.	1	Areas naturais/xeso.
2502/2517/2518	0,66*1	Piritas de Fe sen torrar/cantos/dolomita.
2501/2506 a 2510/2513/2516/2521/2522/2523G	1	Sal/cuarzo, caolín, demais arxilas, creta, apatitas/pedra pómez/granito/castinas/cales/cemento a granel.
2503/2504/2511/2512/251	2	Xofre/grafito natural/sales de baño naturais/fariñas de

4/2515/2523E/2529/2530		Si/lousa/mármore/cemento ensacado/feldespatos/sepiolita.
2524 a 2527	3	Amianto/mica/esteatita/criolite.
2519/2528	4	Carbonato de Mg/boratos.
		B) Minerais, escouras e cinzas:
2601C/2618	0,46*1	Piritas de Fe torradas/escouras granuladas
2601Z	0,66*1	Mineral de Fe de baixa calidade.
2601/2619/2621	1	Mineral de Fe sen aglomerar (2601.1100)/escouras (sen granular) siderúrxicas/outras escouras e cinzas.
2601E/2602/2607/2614.	2	Mineral de Fe aglomerado (2601.1200)/minerais de Al, Pb e Ti.
2602/2603/2604/2608/2610/2617.	3	Minerais de Mn, Cu, Ni, Zn, Cr e demais.
2605/2609/2611/2612/2613/2615/2616/ 2620	4	Minerais de Co, Sn, W, U, Th, Mo, Ta, V, Zr, metais preciosos e cinzas e residuos metálicos.
		C) Combustibles:
2701 a 2705 /2706/2709/2710F/ 2713/2714	1	Carbóns, os seus coques e gas de auga/alcatrán hulla/crus/fuel/coque de petróleo sen calcina/betumes e asfaltos naturais.
2708/2709A/2710O/2710Ñ/2711N/2713/ 2715	2	Brea e coque de brea alcatrán e hulla/condensados/gasóleo/naftas/gas natural/betume de petróleo/mastigues e <i>cut-backs</i> .
2707/2710k/2711B	3	Aceites destilados, alcatrán, hulla/queroseno, gasolina e petróleo refinado/butano e propano
2710/2712	5	Lubricantes/vaselina, parafina, etc.
		Industrias químicas:
2807/2815/2821/2836/3101 a 3105	2	Ácido sulfúrico/hidróxido Na e K/óxido e hidróxido Fe/carbonatos e percarbonatos/fertilizantes
2804/2809/2806/2814/2833/2834	3	Gases nobres/ácidos fosfóricos/ClH/NH4OH/sulfatos/nitritos e nitratos
Resto desde 2801 a 2851/2901 a 2902/2915 a 2918	4	Resto de produtos inorgánicos/hidrocarburos/ácidos carboxílicos e os seus derivados
Resto desde 2903 a 2942/3001 a 3006/3201 a 3824	5	Resto de produtos orgánicos/productos farmacéuticos/otros derivados químicos
3901 a 4304	5	Plásticos e peles e as súas manufacturas
		Madeira, carbón vexetal, cortiza e as súas manufacturas:
4401/4402G	1	Leña e serraduras/carbón vexetal a granel
4402E/4403Q/4406	2	Carbón vexetal envasado/madeira en bruto de coníferas e eucalipto/travesas
4403	3	Madeiras en bruto
4404 a 4410	4	Madeira serrada e taboleiros
4411 a 4602	5	Resto de madeira, cortiza, cestería e as súas manufacturas
		Pasta de madeira, cartón-papel e aplicacións:
4707	3	Desperdicios e refugallos de papel ou cartón
4701 a 4706	4	Pasta de madeira e doutras materias fibrosas celulósicas
4801 a 4911	5	Papel e aplicacións
5001 a 6704	5	Materias téxtiles e as súas manufacturas

		Manufacturas de pedra, cerámica e vidro:
6904/7001	1	Ladrillos cerámicos/desperdicios e refugallos de vidro
6905 a 6908	2	Tellas, tubos, baldosas e lousas
6809 a 6903	3	Manufacturas doutros elementos de construción
6801 a 6808/6909 a 6914/7002 a 7118	5	Manufacturas de pedra/cerámica de uso doméstico e sanitario/vidro e perlas
		Metais comúns e manufacturas destes metais e resto de seccións:
7204/8908	1	Chatarra/barcos e demais artefactos flotantes para desmantelamento
7201/7203/7205	2	Fundición en bruto ou especular/prerreducidos/granallas e po
7206 a 7207/7208S a 7212S/7213 a 7216/7301 a 7302	3	Lingotes e semiproductos/laminados e >4,75 mm/alambrón, barras, etc./taboados estacas e vías férreas
7208D a 7212D/7217 a 7229/7303/7304H a 7306H	4	Laminados e <4,75 mm/resto de aceiros/tubos e perfís ocos de fundición/tubos e perfís de ferro e aceiro sen revestir
Resto desde 7201 a 9706 (incluídos 7304R a 7306R/9990	5	Resto de manufacturas de fundición de ferro ou de aceiro/paquetería
		Taras:
8609T	5	Taras de colectores e cisternas matriculados e en réxime de carga
8704T e 8716T	5	Taras de vehículos automóbiles, remolques e semi-remolques matriculados e en réxime de carga
		Outros:
9920/9990	5	Sacas de correos/efectos persoais

A designación das mercadorías nesta táboa é orientativa, debéndose consultar o sistema harmonizado de designación e codificación das mercadorías (Sha) e, de ser o caso, as notas explicativas correspondentes, no suposto de existir dúbidas ou para identificar algunha delas.

Os coeficientes que figuran nalgúns grupos de mercadorías aplicaráselles ás contías xerais establecidas na regra novena para os grupos correspondentes.

Os caracteres engadidos ó citado código, dos que se relaciona a seguir o seu significado, serven para designar mercadorías distintas dentro dun mesmo código de mercadorías:

- A) Condensados de gas natural (subpartida 2709.0010).
- B) Producidos artificialmente, butano e propano.
- D) Laminados de espesura inferior a 4,75 mm.
- E) Envasada.
- F) Fuel (subpartidas 2710.0071, 2710.0072, 2710.0074, 2710.0076, 2710.0077 e 2710.0078).
- G) A granel.
- H) Sen revestir.

J) Atúns, listados ou bonitos de ventre raiado, con exclusión dos fígados, das ovas e dos leites (subpartidas 0303.41, 0303.42, 0303.43 e 0303.49).

K) Queroseno, gasolina e petróleo refinado (subpartidas 2710.0021, 2710.0025, 2710.0026, 2710.0027, 2710.0029, 2710.0032, 2710.0034, 2710.0036, 2710.0037, 2710.0039, 2710.0041, 2710.0045, 2710.0051, 2710.0055 e 2710.0059).

L) Lubricantes (subpartidas 2710.0081, 2710.0083, 2710.0085, 2710.0087, 2710.0088, 2710.0089, 2710.0092, 2710.0094, 2710.0096 e 2710.0098).

N) De procedencia natural.

Ñ) Naftas (subpartidas 2710.0011 e 2710.0015).

O) Gasóleo (subpartidas 2710.0061, 2710.0065, 2710.0066, 2710.0067 e 2710.0068).

Q) Coníferas e eucalipto (subpartidas 4403.2000 e 4403.9930).

R) Revestimentos ou inoxidable.

S) Laminados de espesura superior a 4,75 mm.

T) Taras de colectores e cisternas, vehículos, automóviles, remolques e semirremolques, matriculados e en réxime de carga.

V) Abastecemento a granel de núcleos de poboación.

Z) Mineral de ferro de baixa calidade: contido de ferro en estado natural >50 % de peso.

£) Aglomerados, *sinter*, pelats (*péllets*, briquetas e similares).

☉) Piritas de ferro torradas (subpartidas 2601.2000).

*) Coque de petróleo sen calcinar (subpartidas 2713.1100).

Tarifa X-4. Pesca fresca

Primeira.— Esta tarifa abrangue a utilización polos buques pesqueiros en actividade e os produtos da pesca marítima fresca das augas do porto, das instalacións de balizamento, dos peiraos, das bacías, das zonas de manipulación e mais dos servizos xerais ou de policía.

Segunda.— Son suxeitos obrigados ó pagamento o armador do buque ou quen na súa representación realice a primeira venda. O suxeito pasivo deberá facer repercutir o importe da tarifa X-4 sobre o primeiro comprador da pesca, de o haber, polo que este queda obrigado a soportar a devandita repercusión, que se fará constar de maneira expresa e separada na factura ou no documento equivalente. (ver artigo 27)

Subsidiariamente serán responsables do pagamento da tarifa o primeiro comprador da pesca, agás que demostre que soportou efectivamente a repercusión, e o representante do armador, de ser o caso.

As controversias que se susciten entre o suxeito pasivo e o comprador sobre o que repercutiu a tarifa serán de competencia dos tribunais económico-administrativos.

Terceira.— As bases para a liquidación desta tarifa serán:

a) O valor da pesca obtido pola venda en poxa nas lonxas portuarias.

b) O valor da pesca non poxada determinarase polo valor medio obtido nas poxas desta especie realizadas no día ou, no seu defecto e sucesivamente, na semana, mes ou ano anterior.

c) No caso de que este prezo non se puidese fixar na maneira determinada nos parágrafos anteriores a dirección do porto fixarao tendo en conta as condicións habituais do mercado do peixe.

Cuarta.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar cando se inicien as operacións de embarque, desembarque ou transbordo dos produtos da pesca en calquera punto das augas ou da zona terrestre baixo a xurisdición de Portos de Galicia.

Quinta.— O valor da tarifa será a seguinte porcentaxe da base establecida na condición terceira:

a) Con utilización de lonxa non concesionada ou autorizada:

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre: o 3%⁽¹²⁾

b) Sen uso de lonxa.

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre, e que en ambos os casos non estea destinada a súa venda ou comercialización en lonxas localizadas en portos de competencia da Comunidade Autónoma: o 1,75%.

c) Con utilización de lonxa concesionada ou autorizada:

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre: o 1,75%.⁽¹¹⁾

Sexta.— O bacallau verde e calquera outro produto da pesca fresca sometido a un principio de preparación industrial aboarán o 50 % da tarifa.

Sétima.— A pesca fresca transbordada de buque a buque nas augas do porto, sen pasar polos peiraos, aboará o 1,3 % da base establecida na condición terceira.⁽¹¹⁾

Oitava.— Os produtos frescos da pesca descargados e que por calquera causa non fosen vendidos e volvan ser cargados no buque aboarán o 25 % da tarifa, calculada sobre a base do prezo medio da venda nese día de especies semellantes.

Novena.— O suxeito pasivo obrigado ó pagamento deberá presentar para a liquidación desta tarifa, antes de empezar a descarga, a carga ou o transbordo, unha declaración ou un manifesto de pesca, onde se indicará o peso de cada unha das especies que se van manipular.

Décima.— A tarifa aplicable ós produtos da pesca será a dobre das sinaladas nas condicións anteriores nos casos de:

a) Ocultación de cantidades na declaración ou no manifesto, ou no documento de transporte ⁽⁶⁾, ou no atraso na súa presentación.

b) Inexactitude, con falseamento das especies, das calidades ou dos prezos resultantes das poxas.

c) Ocultación ou inexactitude nos nomes dos compradores.

Esta recarga non repercutirá no comprador.

Décimo primeira.— O aboamento desta tarifa a Portos de Galicia exime ó buque pesqueiro do pagamento das restantes tarifas por servizos xerais por un prazo máximo dun mes a partir da data de iniciación das operacións de descarga ou transbordo. No suposto de que a embarcación dispoña dunha praza reservada para o seu uso exclusivo en peiraos, embarcadoiros ou embarcadoiros flotantes, o importe mensual da tarifa X-4 será como mínimo o GT da embarcación multiplicado por 5, e no suposto de que non dispoña de reserva de praza de amarre para o seu uso exclusivo, o importe mínimo da Tarifa X-4 será o GT da embarcación multiplicado por 2,5.⁽¹¹⁾

Este prazo poderase ampliar aos períodos de inactividade forzosa, por temporais, vedas costeiras ou licenzas referidas ás súas actividades habituais, expresa e individualmente acreditados por certificación da autoridade competente. No caso de inactividade forzosa prolongada, a autoridade competente fixará os lugares nos que estes barcos deban permanecer ancorados ou atracados, atendendo ás disponibilidades da atracada.

Esta taxa non será de aplicación a aqueles buques ou embarcacións pesqueiras que non efectúen descarga de pesca fresca, refrixerada ou os seus produtos. Neste caso, os buques estarán suxeitos ó aboamento das taxas X-1, e X-2 que lles corresponda desde a súa entrada a porto.⁽¹⁰⁾

Décimo segunda.— As embarcacións pesqueiras, mentres permanezan suxeitas a esta tarifa na maneira definida na condición anterior, estarán exentas do aboamento da tarifa X-3, «Mercadorías e pasaxeiros», polo combustible, os avituallamentos, os efectos navais e de pesca, o xeo e o sal que embarquen para o propio consumo, ben nos peiraos pesqueiros ou ben noutros peiraos habilitados para o efecto.

Décimo terceira.- O barco pesqueiro que atraque ó peirao con prohibición expresa de Portos de Galicia ou logo de recibir orde de desatracar ou rectificar a atracada demore estas operacións aboará, con independencia da tarifa X-4, a tarifa X-2 coa contía prevista na regra décimo primeira.⁽²⁾

Décimo cuarta.- Para potenciar a captación e consolidación de tráfico pesqueiros en cada porto, Portos de Galicia poderá aplicar bonificacións singulares sobre a contía desta tarifa a aqueles tráfico pesqueiros que sexan sensibles para a economía de Galicia ou que teñan a condición de prioritarios ou estratéxicos, de forma que poidan articularse accións comerciais axeitadas a determinados tipos de tráfico e operacións en colaboración co sector privado e a súa adaptación as condicións de mercado.

Só terán dereito a estas bonificación os suxeitos pasivos con compromisos de tráfico relevantes pesqueiros aprobados no correspondente convenio que se subscriba, por un período máximo de tres anos,⁽¹²⁾ con Portos de Galicia, sempre e cando a pesca proveña de descargas realizadas en portos localizados fora da Comunidade Autónoma de Galicia.⁽¹¹⁾

Os parámetros de cuantificación en relación co suxeito pasivo serán:

a) O tipo de tráfico comprometido.

b) O volume de tráfico comprometido e a súa evolución anual no período de vixencia do convenio,⁽¹²⁾ medido en toneladas de pesca fresca e facturación da primeira venda efectuada.

A máxima bonificación que se poderá acadar sobre a contía da tarifa será do 50%, en función da seguinte táboa:

	Pesca descargada noutra comunidade autónoma	Pesca descargada noutros países
Tn. descargadas	Porcentaxe de bonificación	Porcentaxe de bonificación
Entre 500 e 1000 tn	5%	10%
Entre 1000 t e 1500 tn	10%	20%
Entre 1501 e 2000 tn	15%	30%
Máis de 2000 tn	20%	40%

Se o valor da pesca comprometida supera os 5.000.000 € anuais, calculado con base en prezos reais das vendas en lonxa efectuadas o ano anterior⁽¹²⁾ segundo a especie comprometida, á bonificación engadiráselle un novo sumando do 5%.

Se o tráfico anual comprometido supera o concertado no período anterior⁽¹²⁾ nunha porcentaxe superior ou igual ao 10%, sumarase ás porcentaxes anteriores un 10% de bonificación adicional.

A bonificación resultante será a suma das porcentaxes indicadas anteriormente, e a máxima bonificación acumulada que se poderá aplicar sobre a contía da tarifa será do 50%, que non será acumulable a outras bonificacións de aplicación a esta tarifa.⁽¹¹⁾

Tarifa X-5. Embarcacións deportivas e de lecer

Primeira.- Esta tarifa abrangue a utilización, polas embarcacións deportivas ou de lecer, incluso as destinadas a fins lucrativos, polas embarcacións tradicionais e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións de balizamento, das axudas á navegación, das dársenas, dos accesos terrestres e viais de circulación dos portos e, de ser o caso, das instalacións de ancoraxe e atracada en peiraos ou embarcadiros, así como dos servizos específicos dispoñibles.⁽⁸⁾

Entenderase por embarcación deportiva toda embarcación de calquera tipo, con independencia do medio de propulsión, cuxo casco teña eslora comprendida ente 2,5 e 24 metros, sexa utilizada para fins deportivos ou de ocio. Quedan excluídas as embarcacións de recreo da lista 6ª que transporten máis de 12 pasaxeiros.⁽¹³⁾

Segunda.— Son suxeitos pasivos, con carácter solidario, o titular da embarcación ou o seu representante autorizado e, de ser o caso, o titular do dereito de uso preferente do amarre ou da ancoraxe. (ver artigo 27)

Son responsables subsidiarios do pagamento da tarifa o capitán da embarcación e o seu patrón habitual.

Nas zonas de concesión nas que o titular desta se subroga na obriga dos suxeitos pasivos, nos termos establecidos na regra décimo primeira, letra b), desta tarifa X-5, o concesionario será o substituto do contribuínte e terá que cumprir no lugar daquel as obrigas formais e materiais derivadas da obriga tributaria.

Terceira.— A base para a liquidación será a superficie en metros cadrados, resultante do produto da manga pola eslora máxima, e o tempo de estadía da embarcación no porto. Sobre a devandita base aplicarase a tarifa por metro cadrado e día de estadía.

Cuarta.— É condición indispensable para a aplicación desta tarifa que a embarcación non realice transporte de mercadorías e que os pasaxeiros non viaxen suxeitos a cruceiros ou excursións turísticas; neste caso aplicaranse as tarifas X-1, X-2 e X-3.

Entenderase que os pasaxeiros non viaxan suxeitos a cruceiros ou excursión turísticas cando o fagan en embarcación deportivas que teñan menos de 24 metros de eslora e que as ditas embarcacións non poidan transportar máis de 12 pasaxeiros.⁽¹³⁾

Quinta.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar cando a embarcación entre nas augas do porto ou no recinto portuario. As cantidades debidas serán esixidas no momento no que se efectúe a liquidación.

Sexta.— A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

- A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.
- B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións.
- C) Pola dispoñibilidade doutros servizos.⁽¹⁰⁾

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C) indicados anteriormente que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:⁽⁷⁾

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,032311€
Zona II: 0,023028€

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,038380€
2. Atracada de costado: 0,095952 €
3. Atracada a banquetta ou dique: 0,019191 €
4. Ancoraxe: 0,038380 € (
5. Embarcacións en seco.

5.1 Embarcacións en seco que aboem durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,061062 €

5.2 Embarcacións en seco que non aboem durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,081416 €

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada finger en cada posto de atracada: 0,016282 €
2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 €
3. Toma de auga: 0,005815 €
4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 €
5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas:

Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora 19,72 €/m²/ano, e de 22,17 €/m²/ ano para o resto de embarcacións, correspondendo os metros cadrados á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional ao período autorizado.

O servizo de mariñeiría inclúe as axudas á atracada e desatracada e o control e xestión das instalacións.

No suposto de que o servizo de mariñeiría non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada, as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65. ⁽⁸⁾

Cando por parte do organismo portuario se acouten especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos apartados 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50%, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia. ⁽²⁾

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais e históricas de Galicia debidamente acreditadas e recoñecidas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia conforme ó establecido na normativa de aplicación, serán as anteriormente indicadas cunha bonificación de ata un 60% da tarifa resultante. A dita bonificación calcularase en función da clasificación da embarcación, segundo sexa tradicional ou histórica (clásico ou de época) antigüidade e uso. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra oitava desta tarifa X-5. ⁽¹³⁾

Para os efectos da aplicación das bonificacións indicadas para embarcacións tradicionais e históricas de Galicia terase en conta o seguinte:

- a) Para as embarcacións tradicionais de Galicia construídas con anterioridade o ano 1950: aplicarase unha bonificación dun 40% sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.
- b) Para as embarcacións históricas clásicas: aplicarase unha bonificación dun 30% sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.
- c) Para as embarcacións históricas de época e para as restantes históricas e tradicionais construídas con posterioridade o ano 1950: a bonificación será dun 20% e aplicarase sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante. ⁽¹³⁾

Para a aplicación das bonificacións indicadas será preciso acreditar a inscrición no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia e solicitar explicitamente a bonificación achegando a documentación acreditativa.

Ademais, se é o caso, serán aplicables sobre á suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante as seguintes bonificacións adicionais:

1. O 20% para embarcacións tradicionais e históricas de Galicia propiedade de asociacións náuticas ou culturais sen ánimo de lucro e que se acredite a súa posta a disposición para a promoción, divulgación, protección ou conservación dos seus valores culturais e históricos.
2. O 10% para embarcacións tradicionais e históricas de Galicia inscritas no censo voluntario propiedade dun armador particular, que non sexan destinadas a fins lucrativos. ⁽¹³⁾

Para os efectos do disposto nesta regra teranse en conta as seguintes definicións:

- a) Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.

- b) Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banquetta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.
- c) Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada coma en estadias prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.
- d) Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos números 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.

Sétima.— O aboamento da tarifa da regra sexta farase:

- a) Para embarcacións de paso no porto, por adiantado á chegada e polos días de estadía que declaren, ou por períodos de 24 horas desde a súa chegada, contando desde as 12:00 horas do día de chegada⁽¹⁰⁾. Se este prazo tivese que ser superado, o suxeito pasivo terá que formular nova petición e aboar de novo, por adiantado, o importe inherente ao prazo prorrogado.
- b) Para embarcacións con base no porto, por trimestres adiantados⁽¹⁰⁾. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.⁽⁷⁾

Enténdese por embarcación con base no porto, para os únicos efectos da aplicación desta tarifa, aquela que teña autorizada a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe ou estancia en seco por un período dun ou máis semestres⁽²⁾. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.⁽¹⁰⁾

Para embarcacións con base no porto o importe da tarifa aplicable será polo período completo autorizado, independente das entradas, das saídas ou dos días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado o posto de atracada ou ancoraxe.

As embarcacións que teñan base nun porto dependente de Portos de Galicia estarán exentas do pagamento da tarifa diaria aplicable a embarcacións de paso durante as súas estadías noutros portos dependentes de Portos de Galicia, sempre e cando a praza asignada no porto base quede libre no mesmo período de tempo. Noutro caso gozarán dun 50% de desconto sobre a citada tarifa diaria.⁽⁶⁾

Para os efectos da aplicación da exención contida no parágrafo anterior, entenderase que unha praza asignada no porto base queda libre cando o seu titular non vaia empregala durante un prazo mínimo dun mes e o período no que queda libre lle sexa comunicado a Portos de Galicia por escrito.⁽⁶⁾

A baixa como embarcación de base producirá efectos fronte a Portos de Galicia desde o semestre natural seguinte ao da solicitude de baixa.

Oitava.— Ás embarcacións con base no porto aplicaráselles unha redución do 25 % da tarifa que lles resulte aplicable no período considerado como temporada baixa, período este que é o comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de maio⁽¹⁰⁾. Esta regra non lles será aplicable ás embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión.

Portos de Galicia aplicaralles unha bonificación do 40% ás embarcacións deportivas ou de lecer, menores de 2 GT e con motores tamén menores de 20 HP, que sexan titularidade dos xubilados do mar.⁽⁷⁾

Portos de Galicia aplicará unha bonificación do 50% ás contías dos conceptos A) e B), excepto na contía correspondente a embarcacións en seco, ás embarcacións que atraquen en peiraos ou embarcadoiros de titularidade de Portos de Galicia que estean xestionados directamente ou parcialmente por este organismo e que teñan calados inferiores a 1 metro en baixamar viva equinoccial (BMVE). Será requisito para a aplicación desta tarifa que a eslora da embarcación sexa inferior a 6 metros, a potencia do seu motor sexa inferior a 25 HP e o aboamento da tarifa se realice por trimestres adiantados⁽¹¹⁾. Esta bonificación é acumulable ás restantes indicadas nesta tarifa.⁽¹⁰⁾

Novena.— O servizo de ancoraxe ou de atracada, así como os restantes servizos, téñenlle que ser solicitados a Portos de Galicia con carácter previo á utilización deles, para a súa autorización, se procede, nas zonas especialmente habilitadas para isto. A utilización de calquera destes servizos sen autorización previa dará lugar á aplicación de cinco veces o importe da tarifa ordinaria que lle corresponda a partir do momento do comezo da utilización do servizo; todo isto independentemente da sanción que poida proceder por infracción do regulamento de servizo, policía e réxime do porto, e sen prexuízo da aplicación do disposto na regra décima.

Décima.— O aboamento desta tarifa non dispensa da obriga de desatracar a embarcación, de cambiar de lugar de amarre ou de ancoraxe, ou mesmo de abandonar o porto se así fose ordenado, por o coidar necesario a autoridade competente. Neste último suposto só se terá dereito á devolución do importe da ocupación aboada por adiantado.

O atraso en cumprir calquera das ordes ditadas pola autoridade portuaria competente relativa a atracadas, desatracadas, amarres, ancoraxes, saídas do peirao, retirada de embarcacións depositadas en terra, etc., dará lugar á aplicación dunha tarifa cun importe de dúas veces a tarifa diaria que lle correspondería abonar á embarcación, consonte as contías da regra sexta, polo número de horas ou fracción de demora.

Décimo primeira.— As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalación propias de concesións, cuxas atracadas sexan xestionadas polo concesionario na súa totalidade, agás que no título concesionario se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión. Para o seu aboamento o concesionario poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario lle entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que este lles poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso coma ás que teñen base na concesión, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso o concesionario entregalle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que sinala este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15 % da contía base da tarifa que lle corresponda; esta redución será dun 5% se a relación de embarcacións de base declaradas é inferior a 100, o 10% se está entre 101 e 200 e do 15% se é superior a 201. Para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público a redución na contía da tarifa base será do 5%⁽⁸⁾

Décimo segunda.- Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa, poderase aplicar, para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público, unha redución na contía da tarifa do 5%, dependendo da composición e porte da flota afecta, sempre que o xestor se subrogue na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o xestor da instalación entregalle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida por este organismo, consonte o procedemento e formato que se determine.

Nas instalacións descritas no parágrafo anterior que a entrada en vigor desta lei inclúisen nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15%, por subrogarse nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. ⁽¹³⁾

Décimo terceira.- Se solicitadas as dimensións da embarcación por parte de Portos de Galicia o titular demora a remisión destes datos ou ben se nega a facilitalos, o organismo portuario ademais de poder proceder á apertura do correspondente expediente sancionador e retirada da embarcación do atraque, poderá realizar as súas propias medicións e facturar a tarifa con arranxo ás mesmas. ⁽²⁾

Décimo cuarta.- As embarcacións deportivas depositadas nas superficies portuarias requirirán a correspondente autorización de Portos de Galicia. No caso de non contar con esta autorización, a tarifa que se aplicará durante o prazo de ocupación será o quíntuplo da indicada no apartado B da regra sexta, sen prexuízo de que Portos de Galicia poida proceder á retirada da embarcación, polo que pasará o correspondente cargo e en todo caso o valor da embarcación responderá dos gastos de transporte e almacenaxe. ⁽²⁾

Décimo quinta.- Para potenciar a captación e consolidación de recepción nas instalacións portuarias de embarcacións deportivas, así como promover a difusión de Galicia no exterior, tanto de embarcacións de base como en tránsito, ⁽¹²⁾ procedentes doutros países ou comunidades autónomas, Portos de Galicia poderá, mediante a formalización dun convenio específico, aplicar bonificacións singulares sobre a contía desta tarifa a aqueles tráxicos que teñan a condición de relevantes ou estratégicos para a difusión da imaxe de Galicia, para fomento do turismo galego ou para incrementar o grao de ocupación das instalacións náuticas, de forma que poidan articularse accións comerciais axeitadas e en reciprocidade con determinadas entidades homólogas.

Só terán dereito a estas bonificacións as entidades públicas e privadas que se comprometan a ocupar prazas de amarre, mediante embarcacións propias ou de terceiros representados por estas entidades, en portos da comunidade autónoma galega, que sexan considerados relevantes polo seu número, tempo de estadias e polo grao de ocupación do porto solicitado, e deberán formalizarse compromisos anuais no correspondente convenio con Portos de Galicia. A entidade asinante do convenio subrogarase nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións.

Os parámetros de cuantificación en relación co suxeito pasivo serán:

- a) O número de embarcacións: se se superan 10 embarcacións/ano, aplicaríase un 10%, e se se superan 20 embarcacións/ano un 20% de bonificación. Para os efectos do cálculo do cómputo das embarcacións susceptibles de bonificación serán tidas en conta unicamente aquelas embarcacións que non recalasen en anos anteriores nas instalacións de competencia de Portos de Galicia, agás aquelas embarcacións participantes en rutas ou circuitos náuticos considerados de interese pola difusión relevantes da imaxe de Galicia no exterior.

⁽¹²⁾

- b) O tempo total de estadía durante o período polo número de embarcacións: se se superan 500 días de estadía pola totalidade das embarcacións sería de aplicación un 10% e se se superan os 1.000 días de estadía pola totalidade das embarcacións un 20%.
- c) O grao de ocupación do porto, potenciando a ocupación de portos cun grao de ocupación medio ou baixo: se o grao de ocupación do porto é inferior ao 75% aplicaríaselles un 10% de bonificación e se é inferior a un 50% aplicaríaselles un 20% de bonificación.

A bonificación resultante será a suma das porcentaxes indicadas nas letras a), b) e c) e a máxima bonificación acumulada que se poderá aplicar sobre a contía da tarifa será do 30%, sendo acumulable a outras bonificacións de aplicación a esta tarifa.⁽¹¹⁾

02 Tarifas por servizos específicos

Tarifa E-1. Guindastres

Primeira.— Esta tarifa abrangue a utilización dos guindastres convencionais ou non especializados.

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados a pagaren esta tarifa os usuarios dos correspondentes servizos; serán responsables subsidiariamente do pagamento os propietarios das mercadorías e, no seu defecto, os seus representantes autorizados, agás que proben que lles fixeron a estes provisión de fondos.

Terceira.— Para guindastres tipo pluma, a base para a liquidación desta tarifa serán o tempo de dispoñibilidade do correspondente guindastre e o número de manobras. Para a liquidación de guindastres tipo pórtico será a eslora máxima da embarcación e o número de manobras.

Cuarta.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar desde o momento no que se poña á disposición o correspondente guindastre. As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Quinta.— Os servizos de guindastres prestaranse logo de petición por escrito dos usuarios, na que fagan constar:

- a) A operación que se vai realizar e a hora de comezo dela.
- b) O punto do peirao no que se van utilizar.
- c) O tempo para o que se solicitan.

Portos de Galicia decidirá, de acordo coas disposicións vixentes, consonte o seu criterio e tendo en conta a orde que máis favoreza o interese xeral, a distribución do material dispoñible.

Sexta.— Portos de Galicia non será responsable dos danos e perdas debidos a paralizacións do servizo, nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou malas manobras que se poidan ocasionar durante a prestación dos servizos ós que se refire esta tarifa.

Sétima.— Os usuarios serán responsables dos desperfectos ou das avarías que ocorran nos guindastres e nos demais elementos de manipulación por malas manobras dos seus operarios, por

cargaren os guindastres con pesos maiores dos correspondentes á forza destes ou por desatenderen ordes ou advertencias que reciban do persoal do grupo de portos encargado do servizo, o cal poderá recusar os operarios que non obedezan as súas ordes.

Oitava.— Será por conta e risco dos usuarios o embarque e desembarque e mailas demais manobras que require a manipulación de mercadorías. A estas últimas operacións deberase destinar o material adecuado, así como persoal hábil, e poderá ser recusado por Portos de Galicia o que non reúna as condicións para iso. O usuario do guindastre será responsable de tódalas lesións, danos e avarías que se lles ocasionen ó persoal ou ós bens de Portos de Galicia, ou a terceiros, como consecuencia de operacións dirixidas por el.

Novena.— Estas tarifas son aplicables exclusivamente a servizos prestados en días laborables dentro da xornada ordinaria que estableza para estas actividades Portos de Galicia. Os servizos prestados fóra da xornada ordinaria e todos os días festivos facturaranse cunha recarga do 25%. No caso dos días festivos faturarase un mínimo de dúas horas. ⁽⁶⁾

Décima.— O tempo de utilización do guindastre, para os efectos de facturación, será o comprendido entre a hora na que se poña á disposición do petionario e a de remate do servizo. A facturación farase por períodos completos de trinta minutos.

Descontaranse do tempo de utilización exclusivamente as paralizacións superiores a trinta minutos debidas a avarías da maquinaria ou falta de fluído eléctrico.

Décimo primeira.— Con carácter xeral, as contías da tarifa, por hora de utilización, do guindastre tipo pluma, ou por eslora máxima, no guindastre tipo pórtico serán as seguintes:

Guindastre tipo pluma	€/h
Menos de 3 toneladas	14,181233 €
Entre 3 e 6 toneladas	19,241587 €
Maior de 6 toneladas	22,275079 €

Guindastre tipo pórtico	€ por manobra de subida ou baixada
Eslora máxima menos de 8 metros	60
Eslora máxima entre 8,01 a 10 metros	65
Eslora máxima entre 10,01 a 12 metros	70
Eslora máxima entre 12,01 a 14 metros	80
Eslora máxima entre 14,01 a 16 metros	90
Eslora máxima de mais de 16,01 metros	105

As embarcacións que realicen manobras de subida e baixada nun prazo de 24 horas terán un desconto do 25%.”

Portos de Galicia poderá establecer concertos para a utilización dos guindastres cos usuarios habituais, facéndose estes cargo da súa conservación e mantemento ordinario e sendo responsables ante terceiros da súa manipulación, e fixará como tarifa mensual unha estimación da utilización do guindastre baseada para cada porto no tipo e na composición da flota usuaria, nas condicións de abrigo das augas e na superficie de peirao dispoñible para a ancoraxe. ⁽⁹⁾

Os portos nos que será de aplicación o disposto nesta regra serán San Pedro de Visma, Suevos, Caión, Razo, Malpica, Barizo, Santa Mariña de Camariñas, Agnete, Vilanova e Panxón. ⁽¹³⁾ Esta relación poderá ser modificada, a criterio de Portos de Galicia, se as condicións físicas ou climatolóxicas do porto así o aconsellen. ⁽⁹⁾

Décimo segunda.— Cando, polas causas que sexa, Portos de Galicia non dispoña de maquinistas de guindastres e de pontes para atender as solicitudes de alugamento de guindastres, poderá autorizarse a súa utilización e o manipulador correr a cargo do usuario, e neste caso a tarifa será o 50 % da que corresponda. O manipulador a cargo do usuario deberá demostrar previamente perante a dirección do porto a súa aptitude para tal labor.

Décimo terceira.- Cando as características físicas e climatolóxicas do porto obriguen, a xuízo de Portos de Galicia, ao uso cotián do guindastre, a tarifa que lle sexa de aplicación por uso intensivo en función dos servizos realizados durante o ano natural será:

Do servizo 5 ao 15: o 60% da tarifa que corresponda segundo a regra décimo primeira.

Do servizo 16 ao 20: o 50% da tarifa que corresponda segundo a regra décimo primeira.

Do servizo 20 en diante: o 40% da tarifa que corresponda segundo a regra décimo primeira.

En todo caso será de aplicación a regra novena.⁽⁵⁾

Tarifa E-2. Almacenaxe, locais e edificios

Primeira.— Esta tarifa abrangue a utilización de explanadas, alpendres, pendellos, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes e a lámina de auga por artefactos ou estruturas flotantes que non teñan consideración de barco,⁽¹²⁾ non explotados en réxime de concesión.

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento desta tarifa os usuarios dos correspondentes servizos.

Terceira.— As bases para a liquidación desta tarifa serán fundamentalmente a superficie ocupada e o tempo de utilización.

Cuarta.— Para a aplicación desta tarifa o tempo comezará a contar no momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose por tal a data de reserva do espazos solicitado.

As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Quinta.— Para os efectos exclusivos de aplicación desta tarifa establécese a clasificación seguinte:

Grupo A.- Composto polos seguintes portos:

Zona norte: Celeiro, Burela e Ribadeo, Cedeira e Cariño.

Zona centro: Sada, Malpica, Laxe, Cabo de Cruz, Rianxo, Ribeira, Cee, Muros, Aguiño, Fistera, Portosín e A Pobra do Caramiñal.

Zona sur: Portonovo, O Grove, Bueu, Cangas, Moaña, O Xufre, Tragove (Cambados), Vilanova e Combarro.

Grupo B.- Composto polos seguintes portos:

Zona norte: Foz, San Cibrao, O Vicedo, Ortigueira e Ares

Zona centro: Betanzos, Lorbé, Caión, Corcubión, Pontedeume, Corme, Camariñas, Muxía, Porto do Son, Portocubelo, O Freixo, e O Testal.

Zona sur: Sanxenxo, Pontevedra, Aldán, Meira, Domaio, Meloxo, Baiona, A Guarda, Vilaxoán, Cambados (Santo Tomé e peirao en T) e San Vicente.

Grupo C.- Restantes portos e instalacións non incluídos nos grupos anteriores.

Sexta.— Os espazos destinados ó tránsito e almacenamento de mercadorías ou doutros elementos clasifícanse en dúas zonas:

— Zona de manobra e tránsito: inmediata á de atracada dos buques (ata 12 m do cantil do peirao nos portos incluídos nos grupos A e B e ata 5 m nos portos incluídos no grupo C). Nesta zona non se permite o depósito de mercadorías sen autorización previa e expresa en cada caso da dirección do porto correspondente.

— Zonas de almacenamento: as restantes zonas de depósitos do porto, agás a lámina de auga.⁽¹²⁾

— Zonas de lámina de auga: a ocupación da lámina de auga incluída dentro da zona de servizo do porto.⁽¹²⁾

Sétima.— As contías, expresadas en euros,⁽⁵⁾ serán, por metro cadrado ou fracción e día natural ou fracción, as seguintes:⁽¹³⁾

Zona de manobra e tránsito (no caso de existir autorización)	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ó 10	0,037405	0,024916	0,018733
Días 11 ó 20	0,114564	0,076356	0,057312
Días 21 e seguintes	0,225973	0,150670	0,113018

Zona de almacenamento	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Superficie descuberta	0,020403	0,013602	0,010201
Superficie cuberta	0,078396	0,052243	0,039136

Zona de lámina de auga ⁽¹²⁾	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 m do cantil	0,071398	0,047551	0,035698
A máis de 20 m do cantil	0,032634	0,021737	0,016344

Na zona de almacenamento situada a máis de 35 m do cantil do peirao dos portos incluídos nos grupos A e B aplicarase a tarifa do grupo inmediato inferior correspondente.

Na zona de lámina de auga será de aplicación a contía para menos de 20 m do cantil, a todo artefacto ou estrutura aínda que se atope parcialmente a menos distancia.⁽¹²⁾

Aos elementos mecánicos tales como guindastres ou cintas móbiles que ocupen superficie descuberta e que sirvan de apoio ás operacións de carga e descarga de mercadorías de toda índole realizadas por vía marítima, que deban estar na zona de manobra e tránsito con carácter fixo ou eventual, seranlles aplicables as contías definidas no cadro anterior para a zona de almacenamento en superficie descuberta aplicada ao grupo correspondente e á superficie ocupada polo aparello e á súa zona de manobra.⁽⁵⁾

En ocupación de superficies cubertas que dispoñan de varios andares, a tarifa que se aplicará segundo o cadro anterior será o sumatorio de cada un dos andares, aplicando o 100% dela para a planta baixa e o 50% para os andares primeiro e seguintes, considerando en cada caso a superficie útil correspondente. No caso de que se trate de edificios de departamentos para armadores, exportadores e comercializadores relacionados coas actividades do sector pesqueiro e marisqueiro que sexan de planta baixa ou de planta baixa máis un andar, a tarifa que se aplicará será soamente o 100% da superficie en planta baixa. ⁽⁷⁾

Na ocupación de tubaxes, canalización ou instalacións soterradas xerais do porto, a tarifa será o 50% do que lle correspondería segundo os cadros anteriores agás que o seu uso impida a utilización da superficie exterior. Neste caso a tarifa será a indicada nesta regra para a superficie descuberta. A superficie a considerar para canalizacións será a da proxección horizontal da tubaxe ou instalación de que se trate, cunha superficie mínima de 0,5 m² por cada metro lineal de canalización. ⁽²⁾

As contías da tarifa para as ocupacións de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias serán as seguintes: ⁽¹³⁾

Zona terrestre ⁽¹²⁾	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ó 10	0,101102	0,068007	0,051009
Días 11 e seguintes	0,204040	0,136014	0,102018

Zona de lámina de auga ⁽¹²⁾	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 m do cantil	0,713979	0,475508	0,356985
A máis de 20 m do cantil	0,326341	0,217372	0,163438

Oitava.— Prohíbese o depósito ou almacenamento de mercadorías ou doutros elementos nos viais dos portos.

Novena.— A ocupación de superficies portuarias requirirá a previa autorización da dirección do porto correspondente. No caso de ocupación de superficie sen contar con esta autorización, a tarifa que se aplicará durante o prazo de ocupación será o quintuplo da que con carácter xeral lle correspondería, sen prexuízo de que Portos de Galicia poida proceder á retirada dos materiais depositados, polo que pasará o correspondente cargo e en todo caso o valor deles responderá dos gastos de transporte e almacenaxe.

Décima.— A utilización das superficies consonte esta tarifa implica a obriga para o usuario de que cando sexan retiradas as mercadorías ou os elementos a superficie liberada deberá quedar nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña cando se ocupou, e se non se fixo así Portos de Galicia poderao efectuar polos seus propios medios, do que pasará o cargo correspondente. As mercadorías serán depositadas na forma e coa orde e altura de estiba que determine a dirección do porto correspondente, de acordo coas disposicións vixentes, observándose as precaucións necesarias para asegurar a estabilidade das moreas acomodadas.

Décimo primeira.— Os usuarios serán responsables dos danos, dos deméritos e das avarías que se lles poidan producir ás instalacións portuarias ou a terceiros.

Décimo segunda.— Portos de Galicia non responderá dos roubos, nin dos sinistros nin das deterioracións que poidan sufrir as mercadorías.

Décimo terceira.— A forma de medir os espazos ocupados coas mercadorías ou cos elementos será polo rectángulo circunscrito exteriormente á partida total de mercadorías ou elementos depositados, definido de forma que dous dos seus lados sexan paralelos ó cantil do peirao e os outros dous normais a este, arredondando o número de metros cadrados que resulte para obter o número inme-

diato sen decimais. Do mesmo xeito procederáse en pendellos e almacéns, para o que servirán de referencia os seus lados.

Décimo cuarta.— O pagamento das tarifas na contía establecida non exime o usuario do servizo da súa obriga de remover pola súa conta a mercadoría ou os elementos do lugar que se encontran ocupando cando, a xuízo da dirección do porto, constitúa un empecemento para a normal explotación do porto.

De se producir demora no cumprimento da orde de remoción, será aplicable durante o prazo de demora o disposto na regra novena.

Décimo quinta.— As mercadorías ou os elementos que cheguen a permanecer un ano sobre as explanadas e nos depósitos, ou aqueles nos que os dereitos creados e non satisfeitos cheguen a ser superiores ó seu posible valor en venda, consideraranse como abandonados polos seus donos e procederáse con eles consonte o disposto no regulamento do servizo do porto.

Décimo sexta.— Portos de Galicia poderá esixir fianza abonda para garantir o pagamento desta tarifa.

Décimo sétima.— Para as mercadorías desembarcadas, o prazo de ocupación comezará a contarse desde a reserva do espazos ou a partir do día seguinte a aquel no que o barco rematou a descarga, sempre que esta se faga de xeito ininterrompido. Se a descarga se interrompese, as mercadorías descargadas ata a interrupción comezarán a producir dereitos de ocupación de superficie a partir dese momento, e o resto a partir da data do depósito.

Para as mercadorías destinadas ó embarque, o prazo de ocupación comezará a contarse desde a reserva do espazos ou o momento no que sexan depositadas nos peiraos ou pendellos, mesmo no caso de seren embarcadas.

Décimo oitava.— As mercadorías desembarcadas e que volvan ser embarcadas no mesmo ou diferente barco producirán dereitos de ocupación de superficie segundo o criterio correspondente ó caso de mercadorías desembarcadas.

Décimo novena.— Nas superficies ocupadas por mercadorías desembarcadas tomarase como base da liquidación a superficie ocupada ó final da operación de descarga, medida segundo se establece na regra décimo terceira.

A dirección do porto, atendendo á mellor xestión da tarifa e á racionalidade da explotación, decidirá contabilizar a superficie por partidas ou ben polo cargamento completo.

Esta superficie irase reducindo ó levantar a mercadoría, para os efectos do aboamento, por cuartas partes, co que se tomará a totalidade mentres non se levante o 25 % da superficie ocupada; o 75 % cando alcance o 25 %, sen chegar ó 50 %; o 50 % cando exceda do 50, sen chegar ó 75 %, e o 25 % cando exceda do 75 %, e ata a total liberación da superficie ocupada. En todo caso, este último cuarto deberase contabilizar sempre por partidas. De o considerar necesario, a dirección do porto poderá establecer outro sistema de medición con distintas gradacións, ou ben continuo, en función do proceso de levantamento da mercadoría.

Nas superficies ocupadas por mercadorías con destino a seren embarcadas aplicaranse criterios de gradación crecentes similares ós anteriormente sinalados para as mercadorías desembarcadas.

En calquera caso, só se poderá considerar unha superficie libre, para os efectos desta tarifa, cando quede nas mesmas condicións de conservación e limpeza nas que se ocupou e sexa accesible e útil para outras ocupacións.

Vixésima.— Portos de Galicia esixirá daqueles que resulten ser os propietarios, de acordo coas correspondentes sentencias ou resolucións, os dereitos desta tarifa producidos pola ocupación de superficie por mercadorías ou elementos que por calquera causa se achen incursos en procedementos legais ou administrativos.

Con este fin, non se poderá efectuar a retirada das devanditas mercadorías ou elementos sen antes facer efectiva a liquidación correspondente.

A aplicación por parte de Portos de Galicia da regra décimo quinta desta tarifa poderase realizar desde o mesmo momento no que se pronuncie sentenza ou resolución en firme.

Tarifa E-3. Fornecementos

Primeira.— Esta tarifa abrangue a subministración de produtos ou enerxía e a utilización das instalacións para a súa prestación.

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento desta tarifa os usuarios dos correspondentes servizos.

Terceira.— A base para a liquidación da tarifa será o número de unidades fornecidas e, de ser o caso, a potencia eléctrica da instalación. ⁽⁶⁾

Cuarta.— As contías da tarifa por subministración de auga potable serán as seguintes:

- Por metro cúbico de auga ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 1,039531 €. ⁽¹³⁾
- Por metro cúbico de auga ou fracción subministrada nas restantes instalacións: 0,623719 €. ⁽¹³⁾

As contías indicadas nos dous parágrafos anteriores serán incrementadas sempre que as mesmas sexan inferiores a contía aplicable por parte da empresa subministradora. Nese suposto as contías da tarifa por metro cúbico de auga subministrada serán as seguintes:

- A tarifa aplicada pola empresa subministradora cun recargo do 35%, cando esta sexa superior a 1,039531 €/m³ ⁽¹³⁾ incluído o canon de saneamento, para tomas propiedade de portos de Galicia
- A tarifa aplicada pola empresa subministradora cun recargo do 10%, cando esta sexa superior a 0,623719 €/m³ ⁽¹³⁾ incluído o canon de saneamento, para o resto das instalacións. ⁽⁸⁾

A facturación mínima tanto no primeiro caso como no segundo caso será de 3,917343 €. ⁽¹³⁾

Quinta.— As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

- a) Por KWh ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,331849 €. A facturación mínima será de 3,840155 €.

b) As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retalista español establecido no RD 1164/2001 e, en particular, á tarifa PVPC simple dun único período 2.0 A establecida no RD 216/2014, con prezos dos termos de peaxes de acceso e marxe de comercialización fixo vixentes, segundo a formulación seguinte:

$$\text{Taxas E-3 no período de devindicación} = (\text{PA} + \text{EA}) \times \text{Rv} \times \text{IE} + \text{Ct.}$$

Sendo:

- Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación. Fíxase para o exercicio 2018 ⁽¹³⁾ e seguintes unha contía de 0,1152 €/kW.día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que ven determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW), multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.
- No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.
- Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación, multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o último do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa para todo o ano natural, sendo este valor o prezo medio da enerxía publicado polo Ministerio con competencia en materia de enerxía do período interanual calculado a partir do 1 de xullo. Para o exercicio 2018 este valor medio é de 0,116842 €/Kwh. ⁽¹³⁾
- No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.
- Recarga polo volume de kwh consumidos (Rv): Establecese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2% e o 10 %, dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

Media dos Kwh consumidos día durante o período liquidado	Recargo (%)
Igual o superior a 300 kWh/día	10%
Igual o superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día	8%
Igual o superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día	6%

Igual o superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día	4%
Igual o superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día	2%

Onde:

$$Rv = 1 + \text{Recargo (\%)/100}$$

- Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será de aplicación a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2018 e seguintes é dun 5,11269632 %.⁽¹³⁾ Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptarase a formulación ó imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

$$IE = 1 + \text{Gravame imposto eléctrico (\%)/100} = 1 + 5,11269632/100 = 1,0511269632. \text{ }^{(13)}$$

- Contía por posta a disposición de contador (Ct): polos traballos de conexión, desconexión e tramitacións administrativa de instalación e seguimento estableceuse unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o último do período de devindicación.⁽¹²⁾

Sexta.— Para a aplicación desta tarifa contarase desde o momento no que se inicie a prestación do servizo. As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Sétima.— Os servizos prestaranse trala petición por escrito dos usuarios, na que se farán constar as características e os detalles do servizo solicitado.

Oitava.— Os servizos solicitaranse coa debida antelación e serán atendidos tendo en conta as necesidades de explotación do porto.

Novena.— Os usuarios serán responsables dos desperfectos, das avarías e dos accidentes que se ocasionen tanto nas instalacións e nos elementos de fornecemento coma nas súas propias ou de terceiros que se produzan durante a subministración como consecuencia de defectos ou malas manobras nas instalacións dos devanditos usuarios.

Décima.— Portos de Galicia reserva para si o dereito de non prestar os servizos obxecto desta tarifa cando as instalacións dos usuarios non reúnan as condicións de seguridade que a xuízo do ente público se coiden necesarias.

Décimo primeira.— Portos de Galicia non será responsable dos danos e perdas debidos a paralizacións do servizo nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou malas manobras que se poidan ocasionar durante a prestación dos servizos ós que se refire esta tarifa.

Décimo segunda.— Estas tarifas refírense exclusivamente a subministracións realizadas dentro da zona de servizo do porto. As que non cumpran esta condición regularanse, de ser o caso, pola tarifa E-4.

Décimo terceira.— As contías fixadas nas regras cuarta e quinta son aplicables exclusivamente en días laborables dentro da xornada ordinaria de traballo establecida para estas actividades por Portos de Galicia. A subministración de auga e/ou enerxía eléctrica en días non laborables ou en horas fóra da xornada ordinaria terá unha recarga por cada servizo prestado equivalente a dúas veces o importe da facturación mínima establecida nas regras cuarta e quinta segundo corresponda.

Décimo cuarta.— Se por calquera circunstancia allea a Portos de Galicia, estando o persoal nos seus postos, non se realizase a operación solicitada, o usuario verase obrigado a satisfacer o 50 % do importe que correspondería de terse efectuado a subministración.

Tarifa E-4. Servizos diversos

Primeira.— Esta tarifa abrangue calquera outro servizo prestado por Portos de Galicia, non enumerado nas restantes tarifas e que se estableza especificamente en cada porto ou se preste logo de solicitude polos peticionarios.

Segunda.— Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento desta tarifa os usuarios dos correspondentes servizos.

Terceira.— A base para a liquidación desta tarifa será o número de unidades do servizo prestado en cada caso, agás que se especifique outra base nas regras particulares.

Cuarta.— Para a aplicación desta tarifa comezará a contarse desde a posta á disposición do servizo ou, no seu defecto, desde o inicio da súa prestación. As cantidades debidas serán esixibles no momento no que se efectúe a liquidación.

Quinta.— Portos de Galicia non será responsable dos danos e perdas debidos a paralizacións do servizo nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou malas manobras que se poidan ocasionar durante a súa prestación.

Sexta.— Portos de Galicia reservarse para si o dereito de prestación do servizo cando polas características da prestación se poida entorpecer a boa marcha de explotación ou se poña en perigo a seguridade das instalacións. Os usuarios serán responsables dos danos que se ocasionen no material.

Sétima.— Esta tarifa é aplicable exclusivamente á xornada normal en días laborais. Fóra dela e en días festivos terá as recargas que se sinalan particularmente en cada caso.

Oitava.— As contías das tarifas polos servizos habituais nos portos dependentes da Comunidade Autónoma galega, así como as súas regras particulares de aplicación cando as teñan, indícanse nas regras seguintes. Para a utilización destes servizos ou de calquera outro non comprendido entre eles, o usuario deberase informar previamente da posibilidade de efectuar o servizo demandado e das súas tarifas na dirección do porto correspondente.

Novena.— As contías da tarifa por aparcamento nas zonas sinaladas expresamente para este fin serán as seguintes:

— Por cada hora ou fracción, ata un máximo de doce horas:

- A) Vehículos lixeiros: 0,258571 € ⁽¹³⁾
 B) Camións, remolques: 0,517140 € ⁽¹³⁾

— Por cada período de vinte e catro horas ou fraccións superiores a doce horas:

- A) Vehículos lixeiros: 3,102843 € ⁽¹³⁾
 B) Camións e remolques e outros⁽¹¹⁾: 6,205685 € ⁽¹³⁾

Prohíbese o aparcamento nas zonas non sinaladas expresamente para este fin.

Portos de Galicia poderalles autorizar aos usuario do porto, segundo os procedementos que se establezan, o aboamento do servizo de aparcamento, que non implicará reserva de praza, nas zonas portuarias habilitadas por períodos completos mensuais, semestrais e anuais. Neste caso as tarifas que se deben aboar polo período completo, independentemente do uso efectivo do aparcadoiro, serán as indicadas no seguinte cadro: ⁽¹¹⁾

Período aboamento	Vehículo lixeiro ⁽¹³⁾	Camións, remolques e outros ⁽¹³⁾
Mes	46,54	93,08
Semestre	167,55	335,11
Ano	226,50	453,02

Prohíbese o aparcamento dos vehículos alleos ás actividades portuarias, agás autorización expresa en cada caso das autoridades do porto. Naqueles casos nos que se conceda a autorización, de se tratar de vehículos lixeiros, camións ou remolques aplicarase a tarifa dobre da indicada anteriormente, e de se tratar de autobuses aplicarase a tarifa tripla da indicada anteriormente para camións e remolques.

Portos de Galicia poderá establecer concertos anuais para a liquidación desta tarifa cos Concellos e outras entidades públicas, cunha redución adicional do 50 % na contía da tarifa. Os concertos estableceranse en función do tipo de servizo, do seu interese e da compatibilidade cos usos portuarios. ⁽⁷⁾

No suposto de que se trate dun aparcamento cuberto, a tarifa que se aplicará será a que lle corresponda en función do tipo de vehículo e do período de aboamento, multiplicada por 2 se non dispón de vixilancia específica, e multiplicada por 3 si Portos de Galicia dispón dela. ⁽¹²⁾

Décima.- As contías da tarifa por utilización dos servizos de báscula serán as seguintes:

- Por pesada: 1,472922 € ⁽¹³⁾
 Tara dun vehículo: 0,741684 € ⁽¹³⁾

Os servizos prestados fóra da xornada ordinaria ou en días festivos terán a recarga do 100%.⁽⁶⁾

Décimo primeira.— As contías da tarifa por utilización das instalacións para a reparación de embarcacións nos varadoiros serán as seguintes:

- a) A contías da tarifa por izada ou baixada da embarcación dos varadoiros serán as seguintes:

Embarcacións de ata 50 t: 0,505105 € ⁽¹³⁾ por cada metro de eslora ou fracción.

Embarcacións de máis de 50 t e ata 150 t: 0,251832 € ⁽¹³⁾ por cada tonelada ou fracción

Embarcacións de máis de 150 t: 0,390374 € ⁽¹³⁾ por cada tonelada ou fracción.

b) As contías da tarifa por día de estadía ou fracción nos varadoiros serán as seguintes:

Embarcacións de ata 50 t: 0,251832 € ⁽¹³⁾ por cada metro de eslora ou fracción.

Embarcacións de máis de 50 t e ata 150 t: 0,127721 € ⁽¹³⁾ por cada tonelada ou fracción.

Embarcacións de máis de 150 t: 0,251832 € ⁽¹³⁾ por cada tonelada ou fracción.

Para as embarcacións incluídas nos dous últimos grupos (embarcacións de máis de 50 t), a tarifa incrementarase nun 50% por cada semana de estadía continuada nos varadoiros. Este porcentaxe aplicarase cada vez sobre a tarifa acumulada correspondente á semana anterior.

c) A contía da tarifa por día de utilización ou fracción das ramplas do varadoiro será de 0,495200 € ⁽¹³⁾ por cada metro de eslora ou fracción. (aplicables unicamente a embarcacións con cuberta).

Décimo segunda.— As regras particulares de aplicación das tarifas por utilización das instalacións para reparación de embarcacións son as seguintes:

a) Esta tarifa comprende a utilización dos elementos, da maquinaria e dos servizos que constitúan a instalación.

b) As bases para a liquidación desta tarifa serán: a operación efectuada, o tempo de utilización da instalación e a eslora ou o arqueo bruto da embarcación.

As cantidades debidas serán esixibles no momento no que sexan liquidadas.

c) Os servizos prestaranse logo de petición do interesado por escrito, na que se farán constar os datos necesarios para o servizo solicitado.

d) Os servizos solicitaranse coa debida antelación e serán atendidos tendo en conta as necesidades de explotación do porto.

e) Os capitáns ou patróns das embarcacións deberán tomar as precaucións necesarias para evitar incendios, explosións ou accidentes de calquera clase; de se produciren serán responsables dos prexuízos que ocasionen nas instalacións, nos edificios ou noutras embarcacións próximas.

Ademais, os usuarios deberán tomar as medidas necesarias para evitar posibles accidentes nas embarcacións ó seu cargo ou nas instalacións das que fagan uso.

A dirección do porto poderalles denegar o permiso para utilización das instalacións a embarcacións cando polas súas dimensións, peso ou condicións especiais se considere perigoso.

f) O prazo de permanencia máxima da embarcación na instalación fixarao a dirección do porto á vista dos datos contidos na solicitude formulada polo petionario; se cumprido este prazo segue a instalación ocupada, a tarifa incrementarase nun 10 % o primeiro día que exceda do prazo autorizado, nun 20 % o segundo día, nun 30 % o terceiro día e así sucesivamente.

g) O capitán ou patrón do buque, coa dotación deste e cos medios de a bordo, prestará a colaboración necesaria para as manobras, debéndose ater ás instrucións que se lles comuniquen para a súa realización.

h) A vixilancia das embarcacións, dos seus aparellos e accesorios, así como das ferramentas e materiais delas, será pola conta e risco do usuario.

i) As embarcacións responden en todo caso do importe do servizo que se lles prestou e das avarías que causen nas instalacións.

j) Terán preferencia de subida as embarcacións que corran perigo de ir a pique, cando así se xustifique con certificado da autoridade marítima competente; estas embarcacións deberán pagar dereitos dobres.

k) As peticións serán rexistradas e concederáselles ós peticionarios un número de quenda.

Se por causa imputable á embarcación ou ó seu dono, esta non se puidese varar cando lle correspondea a quenda, perderaa e deberá realizar unha nova petición se desexa utilizar aquel servizo.

Non se admitirá permuta dos postos que lles correspondesen ás embarcacións na quenda establecida sen autorización expresa da dirección do porto.

Décimo terceira.— A contía mensual da tarifa para a utilización da bacía do porto de Malpica será para embarcación o 0,5 % do valor ou da venda da pesca desembarcada no mes pola embarcación.

Décimo cuarta.— A contías pola subministración de elementos de apertura ou peche de control de accesos instalados nos portos, serán os seguintes: ⁽⁸⁾

Tarxetas magnéticas de proximidade ou contacto: 15,02 €/unidade ⁽¹³⁾

Dispositivos de lectura a distancia: 20,00 €/unidade ⁽¹³⁾

Mandos a distancia: 50,61 €/unidade

03 Tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos

1. A prestación por terceiros de servizos e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario estarán suxeitos a autorización, que devengará a correspondente taxa a favor da Administración portuaria.

No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por ámbolos conceptos.

2. Os elementos cuantitativos desta taxa serán o tipo, o volume de actividade e mais a utilidade obtida.

Para os efectos do cálculo da base imponible desta taxa, enténdese por importe neto da cifra anual de negocio o concepto establecido na normativa contable vixente, onde se define como o importe das vendas dos produtos e das prestacións de servizos e outros ingresos correspondentes ás actividades ordinarias desenvoltas na concesión ou autorización, deducíndolle o importe de calquera desconto, bonificación e redución, así como os impostos que, como o imposto sobre o valor engadido, deban ser obxecto de repercusión.

No caso de que o titular da concesión, autorización ou calquera outro título habilitante estea acollido ao réxime de estimación obxectiva singular por módulos do imposto sobre a renda das persoas físicas, para a determinación do importe neto da cifra anual de negocio das actividades comerciais, industriais e de servizos considerarase que este importe será catro veces o importe do rendemento neto previo obtido da declaración do IRPF para as persoas físicas declarado polo titular. ⁽¹²⁾

3. A cota da taxa a satisfacer será a que resulte das seguintes disposicións:

3.1. contías mínimas:

a) Para os efectos da súa liquidación, a contía mínima da taxa contemplada nesta alínea será de 2,99 euros. ⁽¹³⁾

b) No caso de que a prestación de servizos ou o exercicio das actividades comerciais ou industriais estea vinculada a unha concesión ou autorización de ocupación de dominio público portuario, a contía anual da taxa non poderá ser inferior a cota desta taxa aplicada ao tráfico ou actividade mínima anual establecida, de ser o caso, no título habilitante da ocupación do dominio público.

3.2. A cota da taxa será a determinada nos seguintes parágrafos, sen prexuízo do disposto no apartado 3.1 anterior, segundo que a actividade sexa portuaria ou auxiliar non estritamente portuaria. ⁽¹¹⁾

A) Actividades portuarias

1. Taxa portuaria pola prestación de servizos e actividades de manipulación de carga.

A cota da taxa por servizos e actividades de manipulación de carga establécese por unidade de carga manipulada, medida en tonelada métrica de peso bruto ou fracción en función do grupo ao que pertencen as mercadorías, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na regra vixésimo sexta da tarifa X-3 –mercadorías e pasaxeiros – contida na subalínea 01 anterior.

Grupo de mercadorías	Cota da taxa (en euros)/Tonelada ⁽¹³⁾
1	0,006156 €
2	0,010260 €
3	0,016416 €
4	0,026676 €
5	0,041039 €

2. Taxa portuaria pola prestación de servizos ao pasaxe.

A cota da taxa pola prestación de servizos ao pasaxe establécese por pasaxeiro/a e vehículo en réxime de pasaxe, en función da modalidade de pasaxe e do tipo de navegación segundo se recolle na regra quinta da tarifa X-3 –mercadorías e pasaxeiros – contida na subalínea 01 anterior, de acordo coa seguinte táboa:

Concepto	Tipo de navegación		
	Interior, local ou de ría ⁽¹³⁾	Entre portos da UE ⁽¹³⁾	Exterior ⁽¹³⁾
a) Pasaxeiros			
Bloque II	0,000836 €	0,025727 €	0,077180 €
Bloque I	0,001677 €	0,071669 €	0,143336 €
b) Vehículos			
Motocicletas e vehículos ou remolques de dúas	0,002052 €	0,004105 €	0,008207 €

rodas			
Automóviles	0,010260 €	0,020520 €	0,041039 €
Camións, autocares e outros vehículos de transporte colectivo	0,051299 €	0,102600 €	0,205199 €

3. Taxa portuaria pola prestación de servizos técnico náuticos.

a) Servizo de practicaxe.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueado do buque obxecto do mesmo, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros) ⁽¹³⁾
Menor o igual que 1.500 GT	2,08 €
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,49 €
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,91 €
Maior que 4.000 GT	3,33 €

b) Servizo de amarre e desamarre.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueado do buque obxecto do mesmo, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros) ⁽¹³⁾
Menor o igual que 1.500 GT	2,08 €
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,49 €
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,91 €
Maior que 4.000 GT	3,33 €

c) Servizo de remolque.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueado do buque obxecto do mesmo, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros) ⁽¹³⁾
Menor o igual que 1.500 GT	17,79 €
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	21,34 €
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	24,91 €
Maior que 4.000 GT	28,46 €

4. Taxa polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques.

A cota polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques establécese por servizo prestado, en función do arqueado do buque consignado, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros) ⁽¹³⁾
Menor o igual que 1.500 GT	11,89 €
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	14,26 €
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	16,63 €
Maior que 4.000 GT	19,02 €

5.- Taxa polo exercicio de actividade polo desenvolvemento de actividades portuarias inherentes á xestión e a explotación de lonxas.

A cota polo desenvolvemento de actividades portuarias inherentes á xestión e a explotación de lonxas establécese por servizo prestado, en función dos quilogramos de peixe vendido en lonxa.

O importe da taxa será de 0,0015 euros por quilogramo de peixe vendido na lonxa.

O importe da taxa anual será como máximo o 1 % da contía resultante de lle aplicar ao importe total anual de vendas efectuadas na lonxa correspondente, a porcentaxe autorizada en concepto de tarifa de xestión de cobramento que se aplicará polo adxudicatario aos usuarios en concepto da prestación do servizo, e ata un máximo de 30.300 €.⁽¹³⁾

6. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais portuarias.

A cota anual da taxa polo exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias non previstas nos artigos anteriores establecerase por unha porcentaxe en función do importe neto da cifra anual de negocios⁽¹²⁾ da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización, de acordo coa seguinte táboa:

Actividade desenvolvida	Tipo a aplicar
Fábricas de xeo, cámaras de frío; departamentos de armadores ou exportadores; subministración de combustible a buques; recollida de refugallos; medios mecánicos vinculados ás actividades portuarias, varadoiros, talleres de reparación de embarcacións e depósito de embarcacións, ⁽¹²⁾ estaleiros; depuradoras de molusco, cetarias, viveiros, acuicultura; xestión de amarres náutico -recreativos, naves de almacenamento de mercadoría expedida por vía marítima, redes de fornecementos e comunicacións a instalacións portuarias, ensinanzas náuticas. ⁽¹²⁾	1 por 100
Naves de almacenaxe, loxística; oficinas; venda de embarcacións, efectos navais; industrias conserveiras, transformación e manipulación da pesca, subministración de combustible a automóbiles propiedade dos usuarios do porto. ⁽¹²⁾	1,50 por 100

A anterior listaxe de actividades posúe a estes efectos un carácter indicativo e non limitativo.

Para aquelas concesións, autorizacións os calquera outro título habilitante outorgado con anterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias previstas neste punto, a cota máxima anual da taxa será de 30.300⁽¹³⁾ euros para as actividades ás que se lle aplique o tipo do 1 % e de 60.600⁽¹³⁾ euros para aquelas actividades ás que se lle aplique o tipo do 1,5 %.

Ás concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante indicadas no parágrafo anterior, que sexan actualizadas ou modificadas respectando o prazo inicial da orixinal e manteñan o seu destino e actividade conforme aos títulos habilitantes iniciais, a taxa para aplicarlles será de acordo co indicado no parágrafo anterior.

Para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgado con posterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias previstas neste punto, a cota máxima anual da taxa será 60.600⁽¹³⁾ euros para as actividades ás que se lles aplique o tipo do 1 % e que veñan expresamente indicadas no punto correspondente do cadro anterior, e de 90.900⁽¹³⁾.⁽¹²⁾ para aquelas actividades ás que se lles aplique o tipo do 1,5 %.

No suposto do desenvolvemento da actividade de exportación de pesca fresca en locais vinculados directamente a unha lonxa localizada nun porto da Comunidade Autónoma de Galicia, o im-

porte da taxa será de 0,0015 euros por quilogramo de peixe declarado polo uso do local obxecto de autorización ou concesión. Tamén será de aplicación á pesca fresca descargada noutro porto da Comunidade Autónoma de Galicia que entre no porto por vía terrestre, sempre e cando se acredite o aboamento da tarifa X-4 que corresponda.⁽¹²⁾

B) Actividades auxiliares non estritamente portuarias.

Terán esta consideración entre outras: locais e terrazas de hostalaría, restauración, locais comerciais con uso non estritamente portuario, subministración a vehículos rodados e outros.⁽¹¹⁾

1. Instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalaría.

A cota da taxa pola instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalaría, que se aplicará naquelas cuxo local asociado non estea sometido ao aboamento da taxa descrita no apartado 3.2 B).2) pola totalidade da actividade desenvolvida,⁽¹¹⁾ establécese por mesa autorizada e día ou fracción en función da intensidade da actividade e da temporada do ano en que esta se desenvolva, de acordo coa seguinte táboa:

INTENSIDADE DA ACTIVIDADE	TEMPORADA		
	Alta ⁽¹³⁾	Media ⁽¹³⁾	Baixa ⁽¹³⁾
Alta	0,96 €	0,73 €	0,48 €
Media	0,81 €	0,61 €	0,40 €
Baixa	0,62 €	0,47 €	0,31 €

Considerarase que a intensidade da actividade é alta cando se desenvolva nos portos de: Ribadeo, Burela, Celeiro, Ortigueira, Cedeira, Ares, Sada, Muros, Noia, Portosín, Porto do Son, Aguiño, Ribeira, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Carril, O Xufre, Vilanova, Cambados, O Grove, San Vicente, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Pontevedra, Bueu, Cangas, Moaña, e Baiona.

Considerarase que a intensidade da actividade é media cando se desenvolva nos portos de: Foz, O Barqueiro, Cariño, Pontedeume, Malpica, Corme, Laxe, Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, Portocubelo, O Freixo, Testal, Cabo de Cruz, Meloxo, Meira, Aldán, Panxón e A Guarda.

Considerarase que a intensidade da actividade é baixa cando se desenvolva nos restantes portos e instalacións non contemplados nos parágrafos anteriores.

Considerarase temporada alta os meses de xullo e agosto, temporada media os meses de xuño e setembro e temporada baixa os restantes meses do ano.

No caso de que a autorización se outorgue por prazo dun ano natural, considerarase para efectos da aplicación desta taxa que durante a temporada baixa o período de desenvolvemento da actividade será de 60 días.

2. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais auxiliares non estritamente portuarias.⁽¹¹⁾

A cota anual da taxa polo exercicio das restantes actividades comerciais ou industriais auxiliares non estritamente portuarias⁽¹¹⁾ establécese como o 2 por 100 do importe neto da cifra anual de negocio da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización. A cota anual máxima desta taxa para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante para o exercicio dos restantes servizos e actividades comerciais e industriais auxiliares non estritamente portuarias⁽¹¹⁾ será de 121.200 euros.⁽¹³⁾

3. A taxa será liquidada por Portos de Galicia na forma e prazos determinados regulamentariamente. Os suxeitos pasivos deberán presentar as declaracións que correspondan na forma, lugar e prazos que se determinen regulamentariamente. Os suxeitos pasivos desta taxa estarán obrigados a conservar, durante o prazo de prescrición, os xustificantes e documentos acreditativos das operacións, rendas e calquera outros elementos necesarios para determinar a débeda tributaria. Así mesmo, os suxeitos pasivos quedarán obrigados a levar os libros e rexistros que regulamentariamente se establezan.

En especial, cando para a determinación da contía da taxa sexa preciso o coñecemento do importe neto da cifra anual de negocio⁽¹²⁾, os suxeitos pasivos terán as mesmas obrigas documentais e formais contables que as establecidas nas normas do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades.⁽⁷⁾

4. A contía da taxa deberá figurar necesariamente nas condicións da autorización de actividade ou, de ser o caso, da concesión ou autorización de ocupación privativa do dominio público.

5. No suposto de que a taxa sexa esixible por adiantado, a súa contía calcularase, para o primeiro exercicio, sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico ou de negocio e, nos exercicios sucesivos, sobre os datos reais do ano anterior.

6. Cando se utilicen procedementos de licitación pública a cota da taxa virá determinada pola suma de dous compoñentes:

- a) A cota vixente no momento do devengo consonte o disposto no apartado 3 anterior.
- b) A mellora determinada na licitación á alza polo adxudicatario da concesión, expresada na mesma unidade que a cota á que se refire a letra a) anterior.

Anexo 5

Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia

01. Dominio público en xeral

Con carácter xeral, e agás que exista tarifa específica, a contía da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame correspondente.⁽⁶⁾

No suposto de utilización privativa ou ocupación do dominio público, constitúe a base imponible o valor de mercado do ben ou bens de dominio público obxecto daquela. Para estes efectos, tomárase como valor de mercado o valor actualizado do ben ou dos bens segundo o Inventario Xeral dos Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a superficie ocupada e a súa situación no inmovible, de ser o caso. Esta base actualízase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) que correspondera e será efectiva a partir de cada 1 de xaneiro. No título habilitante da utilización privativa ou ocupación especificarase cal é o valor de mercado no primeiro ano da súa vixencia e cal será o mes de cálculo da variación do IPC que se empregue para a súa actualización anual.⁽⁶⁾

Nos supostos de aproveitamento especial do dominio público, constitúe a base imponible a utilidade derivada daquel.

O tipo de gravame aplicable nos supostos de utilización privativa ou ocupación do dominio público fixarase por decreto, por proposta da consellería á que estean adscritos os bens, logo do informe favorable da consellería competente en materia de facenda. O tipo de gravame non poderá ser inferior a un 2% nin superior a un 6%. Na memoria económica que se achegue deberán xustificarse adecuadamente os criterios empregados para a determinación dos tipos de gravame, e poderanse ter en conta, entre outros, a relevancia e a conexión cos fins propios do órgano ao que estea adscrito o dominio público, o predomínio deses fins ou de fins económicos na actividade desenvolvida ou o grao de utilidade pública derivada da utilización privativa ou da ocupación do dominio público.

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o tipo da taxa virá determinado pola suma de dous compoñentes:

a) A porcentaxe vixente no momento do devengo.

b) A mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a que se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

02. Dominio público portuario

A contía que se debe satisfacer será o resultado de aplicar o tipo do gravame establecido no apartado 2 sobre a base impositiva definida no apartado 1, que será actualizada anualmente consonte o establecido no artigo 42 desta lei, tendo en conta as regras establecidas a seguir:

1.— A base impositiva da taxa será o valor do ben, que se determinará da forma seguinte:

a) Ocupación de terreos. Será o valor dos terreos, que se determinará sobre a base de criterios de mercado. Para este efecto, a zona de servizo dividirase en áreas funcionais, coa asignación ós terreos incluídos en cada unha delas dun valor por referencia a outros terreos do termo municipal ou dos termos municipais próximos con similares usos a cada área, en particular ós cualificados como de uso comercial, industrial ou loxístico e para a mesma ou similar actividade, tomando en consideración o aproveitamento que lles corresponda.

Ademais, no caso de áreas funcionais destinadas a terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías, tomarase en consideración o valor de superficies portuarias que puidesen ser alternativas para os tráxicos do referido porto.

Ademais dese valor de referencia, na valoración final dos terreos de cada área deberán ter en conta o grao de urbanización xeral da zona, a conexión cos diferentes modos e infraestruturas de transporte, a súa accesibilidade marítima e terrestre e maila súa localización e proximidade ás infraestruturas portuarias, en particular, ás instalacións de atracada e áreas abrigadas.

b) Ocupación das augas do porto. Será o valor dos espazos de auga incluídos en cada unha das áreas funcionais nas que se divida a zona de servizo do porto, que se determinará por referencia ó valor dos terreos das áreas da zona de servizo con similar finalidade ou uso ou, de ser o caso, ó dos terreos máis próximos. Na valoración deberán ter en conta as condicións de abrigo, profundidade e localización das augas, sen que poida exceder do valor dos terreos de referencia.

Nembargantes, cando o espazos de auga se outorgue en concesión para o seu recheo, o valor desta será o asignado ós terreos de similar utilidade que se atopan máis próximos.

c) Ocupación de obras e instalacións. Estará constituída polos seguintes conceptos:

— O valor dos terreos e das augas ocupados, incluídas neste apartado a urbanización interna e pavimentación da parcela en concesión. ⁽²⁾

— O valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións en concesión no momento do seu outorgamento, calculado sobre a base de criterios de mercado, e o valor da súa depreciación anual. Estes valores, que serán aprobados por Portos de Galicia, permanecerán constantes durante o período concesional, e non lles será aplicable a actualización anual prevista no artigo 42. ⁽²⁾

Os criterios para o cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación aprobaraos o Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por proposta do seu Presidente, e serán publicados no Diario Oficial de Galicia. ⁽⁶⁾

d) Cando a ocupación do dominio público portuario inclúa un uso consuntivo del, o valor deste uso será o dos materiais consumidos a prezo de mercado.

2.— O tipo de gravame anual aplicado á base impositiva será o seguinte:

a) No suposto de ocupación de terreos e de augas do porto:

— Nas áreas destinadas a usos portuarios pesqueiros onde se desenvolvan actividades de lonxa, coas súas correspondentes cámaras de frío, fábricas de xeo, e naves de redes: o 2,5 % sobre o valor dos terreos. ⁽¹³⁾

— Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, aos relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e aos servizos básicos que se prestan nunha instalación náutico-deportiva: o 5 % sobre o valor dos terreos. ⁽¹³⁾

— No suposto de edificacións propiedade da Administración destinadas a estacións marítimas, ou instalacións para o servizo ao tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % a toda a instalación, incluso naqueles espazos destinados a actividades complementarias desta. ⁽⁹⁾

— Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e os servizos comerciais que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6 % sobre o valor dos terreos.

— Nas áreas destinadas a outros usos complementarios e auxiliares non estritamente portuarios, tales como locais de hostalería e restauración ou locais comerciais con uso non estritamente portuario ou actividades relacionadas coa interacción porto-cidade: o 7% sobre o valor dos terreos. ⁽¹³⁾

Respecto do espazo de auga para recheo, o 2,5% do valor da base mentres o concesionario efectúa as obras de recheo no prazo fixado na concesión. Ao finalizar este prazo, o tipo será do 5%.”

b) No caso de ocupación do voo ou subsolo de terreos ou espazos somerxidos.

— O 2,5% do valor da base impositiva que corresponda aos respectivos terreos ou augas, agás que o seu uso impida a utilización da superficie. Neste caso o tipo de gravame será o que corresponda de acordo co previsto na letra a) anterior.

c) No caso de ocupación de obras e instalacións:

— Nas áreas destinadas a usos portuarios pesqueiros onde se desenvolvan actividades de lonxas coas súas correspondentes cámaras de frío, fábricas de xeo e naves de redes: o 2,5 % do valor das obras e instalacións, ⁽¹³⁾ e o 25 % do valor da depreciación anual asignada.

— Nas áreas destinadas a usos portuarios pesqueiros de exportación de peixe fresco e venda en locais situados en lonxas da Comunidade Autónoma de Galicia: o 5% do valor das obras e instalacións, ⁽¹³⁾ e o 60% do valor da depreciación anual asignada naquelas.⁽¹²⁾

— Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, aos relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e aos servizos básicos a prestar nunha instalación náutico-deportiva: o 5% do valor das obras e instalacións, ⁽¹³⁾ e o 100% do valor da depreciación anual asignada.

No suposto de edificacións propiedade da Administración destinadas a estacións marítimas, ou instalacións para o servizo ao tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % do valor de todas as obras e instalacións, ⁽¹³⁾ incluso naqueles espazos destinados a actividades complementarias desta.

— Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e os servizos comerciais que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6% do valor das obras e instalacións, ⁽¹³⁾ e o 100% do valor da depreciación anual asignada.

— Nas áreas destinadas outros usos complementarios e auxiliares non estritamente portuarios, tales como locais de hostalería e restauración ou locais comerciais con uso non estritamente portuario ou actividades relacionadas coa interacción porto- cidade: o 7% do valor das obras e instalacións, e o 100% do valor da depreciación anual asignada.⁽¹³⁾

Para os efectos da aplicación deste artigo consideraranse actividades relacionadas co intercambio dos modos de transporte e servizos portuarios os seguintes: Servizo de practicaxe, servizos técnico – náuticos, servizo á pasaxe, servizo de manipulación e transporte de mercadoría e servizo de recepción de refugallo xerados polos buques.

Así mesmo consideraranse servizos básicos que deberá prestar unha instalación náutico-deportiva, os seguintes: amarre e desamarre, servizo de duchas, vestiarios e lavandaría, servizo de subministración de auga e enerxía, servizo contra incendios, vixilancia e seguridade, servizos administrativos da instalación náutica, servizos de información, servizos de correo e comunicacións e servizo de vixilancia e control das instalacións.

De xeito xeral, ás edificacións que teñan antigüidade superior á súa vida útil máxima, aplicaráselles o 25% do valor da depreciación anual asignada, sobre unha vida útil remanente que será, como máximo, un terzo da vida útil inicial asignada. A súa aplicación será gradual de tal xeito que cando a antigüidade do ben sexa superior ó 75% da vida útil máxima o valor da depreciación será dun 75% e cando a antigüidade sexa superior o 85% da vida útil máxima a depreciación será do 50%. A vida útil remanente será fixada na taxación efectuada para os efectos con base na normativa vixente de aplicación e será acorde o prazo de vixencia da concesión ou autorización.⁽¹³⁾

d) No suposto de uso consuntivo: o 100% do valor dos materiais consumidos.

3.— Para a determinación do valor dos terreos e das augas do porto, o Consello de Administración de Portos de Galicia aprobará, por proposta do seu Presidente, a correspondente valoración da zona de servizo do porto, que será publicada no Diario Oficial de Galicia, de acordo co seguinte procedemento:⁽⁶⁾

a) Elaboración polo ente público da valoración de terreos e augas do porto.

b) Información pública durante un prazo non inferior a vinte días, que será anunciada no diario oficial da Comunidade Autónoma.

c) Remisión do expediente á consellería competente en materia de portos, que solicitará informe da consellería competente en materia de facenda, o cal deberá ser emitido nun prazo non superior a un mes.

d) A orde de aprobación da correspondente valoración será publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Os valores contidos na orde non serán susceptibles de recurso autónomo, sen prexuízo dos que procedan contra a notificación individual conxunta do devandito valor e da nova contía da taxa ós concesionarios e titulares de autorizacións.

e) Tales valoracións, que se actualizarán o 1 de xaneiro de cada ano na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro, poderanse revisar para a totalidade da zona de servizo cada cinco anos e, en todo caso, deberanse revisar cada dez anos. Así mesmo, deberanse revisar cando se aprobe ou modifique o plan de utilización dos espazos portuarios, na parte da zona de servizo que se atope afectada pola devandita modificación ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar o seu valor.

EMERXENCIAS MARÍTIMAS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE GARDACOSTAS DE GALICIA

Tfno.: 981544070

Fax.: 981544031

SASEMAR

EMERXENCIAS: 900202202

CENTROS COORDINADORES DE SALVAMENTO:

FISTERRA

Tfno.: 981767320

Fax: 981767740

A CORUÑA

Tfno.: 981209541

Fax.: 981209518

VIGO

Tfno.: 986222230

Fax: 986228957

INFORMACIÓN METEOROLÓXICA

www.aemet.es

www.meteogalicia.es